- b) Morte ou hospitalización dun familiar con relación de parentesco de primeiro grado ocorrida dentro das 48 horas anteriores á celebración do exame.
- c) Citación xudicial inaprazable que impida a asistencia ao exame.
- d) Calquera outra libremente apreciada pola profesora, da que o alumno deberá aportar a xustificación debida.

Sancionárase coa cualificación de 1 cando se comprobe que o alumno/a non actuou de boa fe ao realizar as probas porque copiara ou realizara condutas similares.

A superación dos controis, exames, tarefas e traballos deberá obterse de forma lícita.

Polo tanto, o feito de copiar nun exame, permitir que outras persoas copien, levar teléfono móbil, auriculares, apuntamentos, etc. (aínda que non sexan usados) ou participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar os resultados propios ou alleos mediante procedementos deshonestos, suporá a retirada inmediata do citado exame, obtendo un cero na cualificación do mesmo, sen dereito a repetición, o que suporá unha nota de suspenso nas unidades que compoñan esa avaliación.

Se o instrumento é táboa de observación ou lista de cotexo, son táboas que conteñen indicadores que serven para avaliar se o alumnado realizou os aprendizaxes relacionadas cun criterio de avaliación e dispoñen de columnas adicionais para realizar a valoración.

A nota de cada avaliación será un número enteiro entre 1 e 10 puntos e será a media ponderada das unidades didácticas que compoñen a avaliación. Se algunha das unidades didácticas que compoñen a avaliación está suspensa, a nota da avaliación poderá ser como máximo 4 puntos sobre 10.

A nota final do módulo será a media ponderada de todas as unidades didácticas que compoñen o módulo. Para superar o módulo, teñen que estar aprobadas todas as unidades didácticas con un mínimo de 5 puntos sobre 10 en cada unha. No caso de ter algunha unidade didáctica suspensa, a nota poderá ser como máximo 4 puntos sobre 10.

O redondeo efectuarase por exceso cando as décimas da cualificación sexan iguais ou superiores a 5.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Criterios de avaliación.

- Presencial
- Semipresencial (punto 10)
- Non presencial (punto 10)

PRESENCIAL

Avaliación inicial

Faranse unhas probas iniciais para coñecer as características e a formación previa do alumnado, así como as súas capacidades. Estas probas adaptaranse a cada módulo, e poderan ser:

- Exercicios-problemas de cálculo como aplicación de porcentaxes, proporcións, etc.
- Cuestionario sobre conceptos básicos precisos para a aprendizaxe do módulo.

O resultado desas probas será levado á sesión de avaliación inicial que realizará o equipo docente.

No caso dos alumnos de segundo esta proba non se realiza porque foron alumnados/as no curso pasado e a docente ten información suficiente para expoñer na avaliación inicial.

Avaliación Trimestral

Cada calificación trimestral calcularase en base aos resultados obtidos cos seguintes instrumentos de avaliación, situándose o aprobado a partir do 5:

- Exames: 90%: Nota mínima de 5 en tódolos exames para superar o trimestre. As probas obxectivas serán tanto programadas e datadas, como a criterio do docente sin previo aviso. Calquera intento de copia ou fraude, suporá o suspenso nese bloque de contidos.
- Actividades 10%: Entrega das actividades realizadas en cada UD para a súa revisión na aula virtual Gsuit en formato word, excel ou PDF. A non presentación dos exercicios das diferentes unidades didácticas supondrá unha nota negativa de (-0,25) por unidade didáctica.

Para obter á calificación final do trimestre sumaranse as calificacións das dúas notas anteriores, tendo en conta que, para sumar á calificación final do trimestre o % das actividades, será necesario ter superado con un 5 tódolos exames do trimestre.

- A asistencia a clase é obrigatoria.
- Con 10% de faltas non xustificadas pérdese o dereito a exame.
- Calquera día, en horas de clase, pode haber un control sen previo aviso. A nota obtida terase en conta para a nota final.
- Calquera intento de copia ou fraude suporá o suspenso na Unidade Didáctica correspondente.
- A non presentación dos exercicios das diferentes unidades didácticas supondrá unha nota negativa de (-0,50) por unidade didáctica

Avaliación Final

A calificación final do módulo calcularase a través da media das dúas calificacións trimestrais, situándose o aprobado a partir do 5. Para o cálculo desta media tódalas calificacións trimestrais deberán ser necesariamente superiores a 5. No caso de que o resultado sexa decimal, se redondeará por arriba ou abaixo, ao criterio do docente, en función do esforzo e actitude do alumnado, observado durante o curso.

É moi importante que o alumno asimile que debe comportarse, da forma máis parecida posible a un posto de traballo para o que está formándose. Por iso terase en conta: iniciativa propia, traballo, esforzo, interese, asistencia, puntualidade, comportamento na clase, respecto ó/a profesor/a e ós/as compañeiros/as, etc.

Aqueles alumnos que teñan unha cualificación negativa nalgunha das dúas/tres avaliacións trimestrais, deberán realizar no mes de marzo/xuño, unha proba final de avaliación que evidencie a adquisición das capacidades terminais elementais do módulo, se a superan a nota definitiva será un 5 (en casos excepcionais esta nota pode ser superior).

A avaliación final servirá para valorar os logros obtidos polo alumno ó termo do proceso de ensino-aprendizaxe e para determinar a cualificación final do ciclo formativo en función dos obxetivos xerais do currículo e a competencia profesional característica do título. Os alumnos que tivesen cualificación positiva nas tres avaliacións trimestrais, non terán que presentarse a esta proba final.

Finalmente, é preciso dicir que a avaliación non debe ser unicamente un instrumento para coñecer o progreso do alumno, senón que debe servir tamén como medio de autoavaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe e para corrixilo se é necesario.

Os mínimos exigibles e criterios de calificación en caso de confinamento (de todo ou parte do grupo) serán os mesmos que para a ensinanza presencial. A diferenza darase no xeito en que se terán que realizar as probas de cualificación destes mínimos, que pasarán a ser telemáticas tal e como se explica no apartado 10.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os procedementos de recuperación durante o curso realizaranse en data posterior a cada avaliación. Para a súa recuperación seguirase o seguinte proceso:

- Detectar as causas.
- Paliar, na medida do posible, estas causas: intentando unha maior motivación, sinalando técnicas de estudo e traballo máis específicas, sinalar conceptos básicos das unidades.
- Realizar exercicios máis sinxelos ou con máis pasos intermedios, para alcanzar o nivel esixido.
- Realizar un exercicio de recuperación ou un traballo complementario que englobe as capacidades non conseguidas.
- Realizase unha proba final (proba escrita teórico-práctica) para aqueles alumnos/as que non superasen algunha ou todas as unidades didácticas. O/a alumno/a conservará a nota das unidades didácticas que teña aprobadas. O exame consistirá en resolver preguntas tipo test ou de desenvolvemento curto teóricas e/ou prácticas. A nota deste exame será a nota da unidade didáctica recuperada e será de entre 1 e 10 puntos. Para superar a unidade didáctica ten que acadarse una nota de como mínimo 5 puntos sobre 10. A nota final do módulo determinarase segundo o procedemento para as avaliacións ordinarias.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado perderá o dereito a avaliación continua cando supere o 10% de faltas de asistencia xustificadas segundo a Norma de Organización e Funcionamento (NOF) do centro e o 10% de faltas inxustificadas segundo o artigo 25.3 da Orde do 12 de xullo de 2011.

A tenor do exposto, e tendo en conta as casuísticas comentadas, ao finalizar o período lectivo para este módulo, farase unha proba obxectiva de toda a materia para aqueles/as alumnos/as que por falta de asistencia perderon o dereito a avaliación continua, consistente nun exame de todas as unidades didácticas. O exame consistirá en resolver preguntas tipo test ou de desenvolvemento curto teóricas e/ou prácticas. A nota deste exame será a nota da unidade didáctica correspondente e será de entre 1 e 10 puntos. Para superar a unidade didáctica ten que acadarse una nota de como mínimo 5 puntos sobre 10.

A nota final do módulo determinarase segundo o procedemento para as avaliacións ordinarias.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O procedemento fundamental para levar a cabo o seguimento da programación e a avaliación da práctica docente será a autoavaliación da

práctica educativa. A avaliación correspóndelle, en primeiro lugar, á profesora, que se enfrontará a todas as súas tarefas e funcións cunha actitude crítica permanente. De igual xeito, no equipo docente e no departamento, en actitude recíproca de participación colectiva, intercambiaranse puntos de vista, analizarase, deliberarase e chegarase a acordos que enriquezan mutuamente a práctica docente.

Ademais, na reunión de departamento, ao longo do curso, realizarase o seguimento e control da programación, tomando as medidas oportunas se é o caso. O seguimento de programación reflíctase na aplicación da Consellería de Educación "Programacións".

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, a profesora realizará unha avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar ao alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Procurarase obter información sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, coincidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Tamén se consultará co Departamento de Orientación para coñecer se existen dificultades co alumnado respecto á expresión oral ou escrita, a capacidade de abstracción, a correcta utilización das fontes de información, a utilización da lóxica na resolución de problemas, o dominio das técnicas de estudo máis elementais, etc.

No inicio do curso é importante coñecer a cada alumno/a, en particular, e ao grupo, en xeral; concretamente, a información persoal, ocupacional, os intereses, as expectativas, limitacións, etc., que cambiarán ao longo do curso e permitirán á profesora reorientar a programación. Trátase de información que afecta ao proceso de ensino-aprendizaxe.

Como instrumentos de avaliación utilizaranse:

- Informes do Departamento de Orientación.
- Observación do alumnado nos primeiros días de clase e un cuestionario inicial.
- Probas iniciais para coñecer as características e a formación previa do alumnado, así como as súas capacidades. Estas probas adaptaranse a cada módulo, e poderan ser:
 - * Exercicios-problemas de cálculo como aplicación de porcentaxes, proporcións, etc.
 - * Cuestionario sobre conceptos básicos precisos para a aprendizaxe do módulo.

-No caso de alumnos repetidores, as experiencias do curso pasado

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A Lei Orgánica de Educación, no seu artigo 71, establece a obriga da Administración de dispoñer dos medios necesarios para que todo o

alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional. Segundo a LOE os/as alumnos/as poden requirir unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas da aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Neste contexto, o artigo 5 do Real Decreto 1147/2011 establece que as ensinanzas de FP adaptaranse ao alumnado con NEE para que se garanta o seu acceso, permanencia e progresión nestas ensinanzas.

En Galicia regúlase a atención á diversidade do alumnado a través do Decreto 229/2011, do 7 de decembro. Así mesmo, establécense protocolos específicos como o protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual, pensando nun posible alumno que precise medidas de atención concretas.

Unhas das medidas xerais a aplicar é o reforzo. Entendemos como reforzo educativo o conxunto de medidas educativas deseñadas polo profesorado e dirixidas a axudar ao alumnado nas súas dificultades escolares ordinarias, tratándose sobre todo de medidas que requiren flexibilidade metodolóxica.

- Situar ao alumnado con necesidades específicas nos grupos nos que mellor poida traballar cos seus compañeiros. Para iso deben aproveitarse as interaccións e axudas que de forma espontánea se producen en todos os grupos; pero ademais será necesario potenciar e desenvolver intencionalmente estas interaccións.
- Introducir métodos e técnicas de ensino-aprendizaxe específicas para traballar determinados contidos, sexan individuais ou compartidos co grupo.
- Utilizar técnicas, procedementos e instrumentos de avaliación distintos dos do grupo de referencia.
- Incorporar, nas actividades de ensino-aprendizaxe e avaliación, o tipo de axuda máis axeitado para o/a alumno/a. Por exemplo, axudas visuais, axudas persoais (compañeiros, profesores, auxiliares educativos, intérpretes, expertos, etc...).
- Introducir actividades individuais, ben alternativas ou ben complementarias, para conseguir obxectivos comúns ao grupo de referencia.
- Eliminar aquelas nas que non se beneficie ou non poida ter unha participación activa e real.
- Situar o/a alumno/a no lugar da aula no que se compensen ao máximo as súas dificultades e no que participe, o máis posible, na dinámica do grupo.

En calquera caso, as medidas deberán ser individualizadas e polo tanto adaptadas ás necesidades concretas de cada caso, polo que despois da avaliación inicial ou en calquera momento do curso no que se detecte unha dificultade poranse en marcha os preceptivos mecanismos de reforzo, ou de ser o caso, solicitarase a axuda do equipo educativo e do departamento de información e orientación por se fose necesario dar un paso máis na concreción das medidas e promover unha adaptación curricular.

Non obstante, tendo en conta os distintos motivos da atención a diversidade levaranse a cabo as seguintes accións:

- Alumnado con altas capacidades intelectuais: O alumnado que posúa características de altas capacidades e/ou a aqueles que pola súa capacidade ou experiencia teñan un nivel claramente superior ao resto da clase, proporcionaráselles actividades específicas que permitan desenvolver o seu intelecto da forma máis axeitada. Recomendaráselles e proporáselles a realización de actividades de maior complexidade que ao resto da clase, que amplíen os conceptos, ben sexa coa lectura de artigos ou bibliografía avanzados ou a realización de actividades de maior complexidade.

- Alumnado con dificultade de aprendizaxe: Aos alumnos que presenten dificultades de aprendizaxe trataráselles de orientar cara a realización de actividades máis básicas que cumpran os obxectivos marcados para o módulo. Proporcionaráselles información de apoio adecuada ao seu nivel.
- Alumnado estranxeiro: No caso de alumnos estranxeiros con problemas de comunicación asociados a linguaxe, axudaráselle a entender os contidos na súa lingua sempre que sexa posible.
- Alumnado con necesidades educativas especiais: Para os alumnos con necesidades educativas especiais realizaranse adaptacións curriculares, estas poderán ser significativas ou non significativas. Calquera adaptación curricular que se faga aos alumnos con necesidades educativas especiais farase sempre en colaboración co Departamento de Información e Orientación, o cal nos indicará os graos e formas de aprender do alumno co fin de determinar que obxectivos da programación convén modificar ou adaptar. Todo isto intentando sempre integrar ao alumno co resto de compañeiros.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores estará presente ao longo de todo o curso, na forma na que se desenvolven os traballos da clase e nos exercicios que se van facer, adecuándose á realidade empresarial e económica do momento; terá especial incidencia nos valores de:

- Esfuerzo persoal
- Cultura emprendedora
- Colaboración cos compañeiros
- Igualdade de oportunidades
- Actitude non sexista
- Traballo en equipo
- Organización do traballo
- Trato educado cos compañeiros e co profesorado
- Rexeitamento dos malos tratos
- Coidado e utilización dos bens comúns e do medio ambiente.

A Lei de Educación incorpora as competencias básicas ao currículo, como un dos seus elementos máis salientables, esta incorporación das competencias básicas ao currículo é unha primeira aposta por achegar o sistema educativo ás esixencias internacionais. Unha das competencias introducidas é a competencia social e cidadá, básica para a comprensión da realidade na que se vive empregando o xuízo ético baseado nos

propios valores e nas prácticas democráticas que deben presidir as nosas relacións. Enténdese que desde esta competencia o alumnado poderá afrontar dun xeito máis adecuado a convivencia coas demais persoas e o enfrontamento dos conflitos que poidan xurdir nas relacións.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Os alumnos participarán nas actividades que fixe, no seu conxunto, o departamento.

10. Outros apartados

10.1) Medidas COVID

SEMIPRESENCIAL

No caso de simultanear alumnado na aula e na casa, será imprescindible contar cunha cámara ou un portátil, para que os que queden na casa poidan seguir as clases en directo.

Para a realización das tarefas tanto propostas na clase como como actividades de reforzo fora do horario, traballarase coas contas de G Suite, na Classroom. Subiranse os materiais necesarios para que poidan realizalas e daráselles un tempo para a súa entrega. Unha vez finalizadas, subiranse ao aula para a súa corrección e cualificación en formato word, excel ou PDF.

Nas actividades poderase requirir do alumnado a explicación oral das entregas realizadas ou enviados mediante formularios de google, correos electrónicos con arquivos adxuntos, a fin de demostrar os seus coñecementos e evitar o plaxio, ou a copia dos traballos doutros/as compañeiros/as.

A avaliación será igual que a presencial, tendo en conta que a realización das probas programadas e datadas, se realizarán por quendas de presencialidade.

NON PRESENCIAL

Avaliación trimestral

No caso de ser necesaria a docencia non presencial, o centro estudiará as necesidades de recursos de cada estudante e se procederá a achegarlles o material preciso coa axuda da Consellería de Educación.

Todo o alumnado estará obrigado a asistir as clases virtuais conectándose á hora da clase a través da plataforma elixida polo centro, activando a cámara/micrófono ou desactivándoa/o a petición do docente. No caso de non conectarse, considerarase como falta, e apuntarase no programa XADE este feito.

Non está permitida a gravación das sesións, e no caso de detectar este feito, abriráselle expediente disciplinario a/ persoas involucradas.

Avaliación trimestral

Como na avaliación presencial, a nota da avaliación estará formada pola suma das notas obtidas entre as actividades e os exames, e o seu peso será o mesmo nesta modalidade.

Durante as sesións de cada módulo, o docente poderá realizar actividades para a súa entrega, ou para entregar con posterioridade. Todas elas poderán ser cualificables. Estas actividades serán remitidas a través da classroom ou correo electrónico ao docente en formato word, excel ou PDF.

Dataranse exames. Cada unha das probas realizaranse a través da classroom ou correo electrónico, mediante:

- Cuestionarios con valoración negativa nas respostas incorrectas polo mesmo valor da pregunta.
- Entrega de arquivos de word, excel, fotografías, etc.
- Probas orais, tanto como proba en sí mesma, como método de corroboración da autenticidade dos arquivos entregados.

Para obter á cualificación final do trimestre se sumaran as cualificacións das dúas notas anteriores, tendo en conta que, para sumar á cualificación final do trimestre o porcentaxe das actividades, será necesario ter superado con un 5 tódolos exames do trimestre.

Avaliación Final

Os criterios de cálculo da nota final coinciden cos da avaliación presencial.

Neste caso de non presencialidade, a avaliación realizarase online do mesmo modo que as probas realizadas durante as avaliacións trimestrais.

Metodoloxía na ensinanza a distancia:

O módulo de Empresa e Administración impartirase empregando ferramentas informáticas (word, excel, programas da facenda pública e de organismos oficiais) o que nos facilitaría a continuidade do proceso de ensinanza- aprendizaxe no caso de confinamento.

Por outra banda estará a disposición dos alumn@s na aula virtual Gsuit todo o material que se irá impartindo o longo do curso. Esta aula será a principal vía para a ensinanza telemática no caso de que haxa confinamento (dalgún alumn@ ou de todo o grupo).

Ante a eventualidade de confinamento parcial, aqueles alumn@s que non poidenran asistir as clases, poderán seguir o módulo a través da plataforma tendo acceso tanto o material coma as tarefas que se van realizando no día a día. A entrega de actividades farase en formato word, excel ou PDF.

En caso de que o confinamento sexa total, farase un uso máis extensivo das tecnoloxías empregando ferramentas como programas de videoconferencia, videotutoriais, correos electrónicos, etc.

O alumnado estará obrigado a asistir as clases virtuais conectándose á hora establecida pola profesora, sempre no horario lectivo. En caso de non facelo se lle computará a falta correspondente na aplicación XADE.

Para a realización das probas práctico-teóricas, empregarase a aula virtual (onde se colgarán os exames) e un programa de videoconferencia (para ter contacto visual cos alumn@s).

Dada a dificultade de control, estableceranse distintas quendas, sendo posible que o proceso de avaliación do módulo se prolongue durante varios días en función do número de alumn@s que haxa no grupo.

En caso de sospeita por parte da profesora de falsedade no exame poderáse citar ó alumn@ telemáticamente para que explique ou responda a aquelas preguntas que lle requira a profesora sobre a materia a avaliar (esta videoconferencia poderá ser grabada co consentemento do alumn@) para presentarse como proba en caso de reclamacións. As preguntas a realizar só poderán versar sobre o contido do exame e no caso de negativa a facer esta proba de validación, o alumn@ considerárase suspenso.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019529	Ribeira do Louro	Porriño (O)	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CMADG01	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0440	Tratamento informático da información	2022/2023	10	267	319
MP0440_13	Operatoria de teclados	2022/2023	10	69	82
MP0440_23	Ofimática	2022/2023	10	160	192
MP0440_33	Multimedia	2022/2023	10	38	45

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	YOLANDA MARÍA ÁLVAREZ NÚÑEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O currículo adecúase ás necesidades e ás características das empresas do entorno produtivo, que está baseado en pemes e en empresas do sector servizos fundamentalmente. En todas estas empresas lévanse a cabo tarefas administrativas, para o que é necesario o uso de ferramentas ofimáticas e o manexo eficiente das técnicas mecanográficas. A maior parte do alumnado accede ao ciclo con estudos previos da ESO.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados	Resultados de aprendizaxe					Resultados de aprendizaxe				
					MP0440_13	MP0440_23					MP0440_33				
						RA1	RA1	RA2	RA3	RA4	RA5	RA1	RA2	RA3	RA4
1	Operatoria de teclados	Aplicación das técnicas mecanográficas no uso das ferramentas ofimáticas	82	20	X										
2	Sistemas operativos	Coñecemento e uso dos sistemas operativos habituais na xestión	7	2		X									
3	Instalación e actualización de aplicacións informáticas	Proceso na instalación de aplicacións informáticas relacionadas coa tarefa administrativa e actualización das mesmas	5	3			X								
4	Procesador de textos	Utilización dun procesador de textos usando as súas distintas opcións	75	30					X						
5	Folla de cálculo	Utilización dunha folla de cálculo usando as súas distintas opcións	75	30				X							
6	Base de datos	Utilización dunha base de datos usando as súas distintas opcións	30	5						X					
7	Imaxe dixital e vídeo	Uso de programas de edición de imaxe, vídeo e audio para a súa integración en documentos da empresa	10	2							X				
8	Presentacións multimedia	Elaboracións de presentacións multimedia e a súa aplicación na práctica empresarial	20	3								X			
9	Redes e Internet	Coñecemento dos aspectos básicos dunha rede local e de Internet e o seu manexo	8	2									X		
10	Correo e axenda electrónica	Xestión do correo electrónico e da axenda electrónica	7	3											X
Total:			319												

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Operatoria de teclados	82

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Procesa textos alfanuméricos nun teclado estendido aplicando as técnicas mecanográficas.	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Organizar o espazo de traballo, obter a posición corporal correcta e identificar a posición correcta dos dedos no teclado	1	Obtención e mantemento da posición correcta ante o teclado	2,0
2.1 Utilizar ao tacto as distintas filas do teclado	2	Aprendizaxe do teclado ao tacto	20,0
3.1 Realizar textos en linguas propias e estranxeiras	3	Realización de textos en diversas linguas	10,0
4.1 Controlar a velocidade e precisión (mínimo 350 ppm e un erro por minuto)	4	Exercicios de velocidade	40,0
5.1 Corrixir erros e aplicar normas de presentación	5	Presentación de documentos e corrección de erros	10,0
TOTAL			82

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Organizáronse os elementos e os espazos de traballo.	• LC.1	N	5
CA1.2 Mantívose a posición corporal correcta.	• LC.2	N	5
CA1.3 Identificouse a posición correcta dos dedos nas ringleiras do teclado alfanumérico.	• LC.3	S	5
CA1.4 Precísáronse os requisitos básicos dun equipamento informático e as funcións de posta en marcha do terminal informático.	• LC.4	N	5
CA1.5 Empregáronse coordinadamente as ringleiras do teclado alfanumérico e as teclas de signos e puntuación.	• LC.5	S	5
CA1.6 Utilizouse o método de escritura ao tacto en parágrafos de dificultade progresiva e en táboas sinxelas.	• LC.6	N	5
CA1.7 Utilizouse o método de escritura ao tacto para realizar textos nas linguas propias e en linguas estranxeiras.	• LC.7	S	5
CA1.8 Controlouse a velocidade (mínimo de 350 ppm) e a precisión (máximo dunha falta por minuto), coa axuda dun programa informático.	• PE.1	S	50
CA1.9 Aplicáronse as normas de presentación dos documentos de texto.	• PE.2	N	10
CA1.10 Localizáronse e corrixíronse os erros mecanográficos.	• PE.3	N	5
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
Postura corporal ante o terminal. Requisitos básicos e posta en marcha dun terminal informático. Colocación dos dedos. Desenvolvemento da destreza mecanográfica de escritura ao tacto: Escritura de palabras simples. Escritura de palabras de dificultade progresiva. Maiúsculas, numeración e signos de puntuación. Copia de textos con velocidade controlada. Escritura de textos Corrección de erros.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Obtención e mantemento da posición correcta ante o teclado	<ul style="list-style-type: none"> Explicación da importancia dunha posición correcta ante o teclado. Explicación da colocación dos dedos no teclado. 	<ul style="list-style-type: none"> Colocarse na posición correcta ante o teclado Colocar adecuadamente os dedos no teclado 	<ul style="list-style-type: none"> Comprender a importancia dunha postura correcta ante o teclado 	<ul style="list-style-type: none"> Esquemas de colocación dos dedos ante o teclado 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 LC.2 LC.3 LC.4 	2,0
Aprendizaxe do teclado ao tacto	<ul style="list-style-type: none"> Explicación da utilización do programa de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar exercicios no programa de aprendizaxe 	<ul style="list-style-type: none"> Comprender a necesidade dunha correcta colocación dos dedos para mellorar as prestacións ante o teclado 	<ul style="list-style-type: none"> Programa de aprendizaxe mecanográfico (Mecanet) 	<ul style="list-style-type: none"> LC.5 LC.6 	20,0
Realización de textos en diversas linguas	<ul style="list-style-type: none"> Presentación de diferentes textos en diversas linguas 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar textos en distintos idiomas 	<ul style="list-style-type: none"> Textos escritos en diferentes idiomas con precisión 	<ul style="list-style-type: none"> Escritos en diferentes idiomas. Software de tratamento de textos 	<ul style="list-style-type: none"> LC.7 	10,0
Exercicios de velocidade	<ul style="list-style-type: none"> Presentación de exercicios de velocidade 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar exercicios de velocidade 	<ul style="list-style-type: none"> Textos escritos con rapidez (mínimo 350 ppm cun erro) 	<ul style="list-style-type: none"> Textos para realizar probas de velocidade. Programa de aprendizaxe mecanográfica 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 	40,0
Presentación de documentos e corrección de erros	<ul style="list-style-type: none"> Explicación da forma de presentar un documento e da corrección dos erros 	<ul style="list-style-type: none"> Obter textos correctamente presentados e corrixir erros 	<ul style="list-style-type: none"> Texto correctamente presentados e sen erros 	<ul style="list-style-type: none"> Software de tratamento de textos 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 PE.3 	10,0
TOTAL						82,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Sistemas operativos	7

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Utiliza as funcións básicas dos sistemas operativos habituais na xestión e na procura de cartafoles e ficheiros, compartindo e actualizando recursos.	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Determinar os sistemas de organización de ficheiros e cartafoles en función da súa xerarquía nos distintos sistemas operativos.	1	Organización de ficheiros e cartafoles	2,0
2.1 Distinguir as funcións básicas dun sistema operativo na xestión de ficheiros e cartafoles.	2	Uso das funcións básicas dun sistema operativo	1,0
3.1 Diferenciar entre as aplicacións de ficheiros propios e o resto das aplicacións dun sistema operativo	3	Aplicacións dos sistemas operativos	1,0
4.1 Explicar as prestacións fundamentais do sistema operativo que permiten a procura, o arquivo e manter a integridade e seguridade da información.	4	Procura, arquivo, confidencialidade e mantemento da seguridade e integridade dos datos	2,0
5.1 Manexar sistemas operativos monousuario e multiusuario	5	Manexo dos sistemas operativos monousuario e multiusuario	1,0
TOTAL			7

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Determináronse os principios de organización dos sistemas operativos a través dos ficheiros e os cartafoles que os integran, utilizando esquemas en función da súa xerarquía.	• PE.1	N	25
CA1.2 Distinguíronse as funcións básicas dos sistemas operativos na xestión de ficheiros e cartafoles.	• PE.2	N	25
CA1.3 Diferenciouse entre as aplicacións de xestión de ficheiros propios dun sistema operativo e o resto de aplicacións que se inclúen dentro del.	• PE.3	N	20
CA1.4 Explicáronse as prestacións fundamentais do sistema operativo que permiten procurar, archivar e manter a seguridade, a integridade e a confidencialidade da información.	• PE.4	N	20
CA1.5 Manexáronse sistemas operativos monousuario e multiusuario.	• LC.1	N	10
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
Elementos de navegación ou exploración nun sistema operativo, e funcións básicas de exploración.
Xestión de ficheiros e cartafoles
Programas propios do sistema operativo e os que se poidan incluír nel.
Prestacións fundamentais do sistema operativo.

Contidos
Redes locais.
Contornos de usuarios.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	
Organización de ficheiros e cartafoles	<ul style="list-style-type: none"> Explicación da importancia da correcta organización de ficheiros e cartafoles 	<ul style="list-style-type: none"> Creación de ficheiros e cartafoles por xerarquías 	<ul style="list-style-type: none"> Creación de ficheiros e cartafoles 	<ul style="list-style-type: none"> Equipos informáticos 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 	2,0
Uso das funcións básicas dun sistema operativo	<ul style="list-style-type: none"> Explicación da organización e compartir ficheiros e cartafoles 	<ul style="list-style-type: none"> Creación de ficheiros e cartafoles e asignarlle distintos modos de compartilos en rede 	<ul style="list-style-type: none"> Compartir total ou parcialmente ficheiros e cartafoles con e sin contrasinal 	<ul style="list-style-type: none"> Equipos informáticos conectados en rede 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 	1,0
Aplicacións dos sistemas operativos	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das características fundamentais e utilidades dos sistemas operativos 	<ul style="list-style-type: none"> Uso dun sistema operativo 	<ul style="list-style-type: none"> Manexo das ventás e cadros de diálogo dos sistemas operativos 	<ul style="list-style-type: none"> Equipos informáticos 	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 	1,0
Procura, arquivo, confidencialidade e mantemento da seguridade e integridade dos datos	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos sistemas de procura, arquivo e mantemento da integridade dos datos 	<ul style="list-style-type: none"> Procurar, archivar e saber manter a confidencialidade dos datos 	<ul style="list-style-type: none"> Procura de arquivos e asignación de permisos 	<ul style="list-style-type: none"> Equipos informáticos conectados en rede 	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 	2,0
Manexo dos sistemas operativos monousuario e multiusuario	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos distintos tipos de sistemas operativos monousuario e multiusuario 	<ul style="list-style-type: none"> Desenvolver tarefas como usuario e administrador nunha rede 	<ul style="list-style-type: none"> Saber traballar como usuario e administrador en rede 	<ul style="list-style-type: none"> Equipos informáticos conectados en rede 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 	1,0
TOTAL						7,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Instalación e actualización de aplicacións informáticas	5

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Instala e actualiza aplicacións informáticas relacionadas coa tarefa administrativa, e razoa os pasos seguidos.	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os requisitos para a instalación	1	Análise dos requisitos da instalación	1,0
2.1 Seguir todas as fases do proceso de instalación	2	Instalación dunha aplicación	2,0
3.1 Configurar a aplicación	3	Configuración das aplicacións	2,0
TOTAL			5

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Identifícanse os requisitos mínimos e óptimos para o funcionamento da aplicación.	• LC.1	N	15
CA2.2 Identifícanse e establecéronse as fases do proceso de instalación e actualización.	• LC.2	N	15
CA2.3 Respectáronse as especificacións técnicas do proceso de instalación.	• TO.1	N	5
CA2.4 Configuráronse as aplicacións segundo os criterios establecidos.	• LC.3	N	15
CA2.5 Documentáronse as incidencias e o resultado final.	• LC.4	N	15
CA2.6 Solucionáronse problemas na instalación ou na integración co sistema informático.	• LC.5	N	15
CA2.7 Elimináronse e/ou engadíronse compoñentes da instalación no equipamento.	• LC.6	N	15
CA2.8 Respectáronse as licenzas de software.	• TO.2	N	5
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
Tipos de aplicacións ofimáticas.
Tipos de licenzas de software.
Necesidades dos contornos de explotación.

Contidos
Requisitos das aplicacións.
Compoñentes e complementos das aplicacións.
Procedementos de instalación, configuración e actualización.
Diagnóstico e resolución de problemas.
Técnicas de asistencia ao usuario

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Análise dos requisitos da instalación	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos requisitos de software e hardware para a instalación de aplicacións 	<ul style="list-style-type: none"> Comprobar os requisitos para a instalación de aplicacións 	<ul style="list-style-type: none"> Requisitos de instalación comprobados 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenadores e aplicacións informáticas 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 	1,0
Instalación dunha aplicación	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos pasos do proceso de instalación 	<ul style="list-style-type: none"> Realización de instalación de aplicacións 	<ul style="list-style-type: none"> Aplicacións instaladas 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenadores e aplicacións informáticas 	<ul style="list-style-type: none"> LC.2 TO.1 	2,0
Configuración das aplicacións	<ul style="list-style-type: none"> Explicación das distintas posibilidades de configuración das aplicacións 	<ul style="list-style-type: none"> Realización da configuración das aplicacións 	<ul style="list-style-type: none"> Aplicacións configuradas de acordo coas necesidades 	<ul style="list-style-type: none"> Ordenadores e aplicacións informáticas 	<ul style="list-style-type: none"> LC.3 LC.4 LC.5 LC.6 TO.2 	2,0
TOTAL						5,0

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Procesador de textos	75

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Elabora documentos de textos utilizando as opcións dun procesador de textos tipo.	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Utilizar as funcións, prestacións e procedementos dos procesadores de textos e da autoedición	1	Realización das funcións básicas dun procesador de textos	3,0
2.1 Identificar as características de cada tipo de documento	2	Identificación e utilización das funcións de formato de fonte e parágrafo	12,0
3.1 Redactar documentos de texto coa destreza adecuada, aplicando as normas de estrutura	3	Elaboración de textos empregando as posibilidades de configuración de páxina e a utilización de encabezados e pés de páxina.	17,0
4.1 Integrar obxectos, gráficos, táboas, follas de cálculo, hiperligazóns, etc. Crear e dar formato a táboas	4	Edición de textos complexos en Word e combinar documentos	17,0
5.1 Utilizar estilos	5	Utilización e creación de estilos para a súa utilización en documentos extensos e creación de táboas de contido	6,0
6.1 Confeccionar patróns adaptados aos distintos documentos administrativos.	6	Realización de formularios e patróns	8,0
7.1 Detectar e corrixir os erros cometidos	7	Emprego das ferramentas de corrección ortográfica e de autocorrección	2,0
8.1 Crear macros	8	Realización de macros para tarefas repetitivas	4,0
9.1 Gardar e recuperar información, traballar en grupo, establecer criterios de seguridade	9	Realización de accións para gardar, recuperar información, traballar en grupo e protexer os documentos.	6,0
TOTAL			75

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Utilizáronse as funcións, as prestacións e os procedementos dos procesadores de textos e da autoedición.	• LC.1	N	5
CA4.2 Identifícaronse as características de cada tipo de documento.	• LC.2	N	5
CA4.3 Redactáronse documentos de texto coa destreza adecuada, aplicando as normas de estrutura.	• PE.1	S	30
CA4.4 Utilizáronse diversos tipos de estilos.	• PE.2	S	5
CA4.5 Confeccionáronse patróns adaptados aos documentos administrativos tipo.	• PE.3	S	10
CA4.6 Integráronse obxectos, gráficos, táboas, follas de cálculo, hiperligazóns, etc.	• PE.4	S	15
CA4.7 Detectáronse e corrixíronse os erros cometidos.	• PE.5	S	10

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.8 Recuperouse e utilizouse a información almacenada.	• LC.3	S	5
CA4.9 Utilizáronse as funcións e as utilidades que garantan as normas de seguridade, integridade e confidencialidade dos datos.	• LC.4	N	5
CA4.10 Traballouse en grupo comparando documentos e versións, verificación de cambios, etc.	• TO.1	N	5
CA4.11 Elaboráronse macros adaptadas aos documentos administrativos.	• LC.5	N	5
TOTAL			100

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Xestión de ficheiros e cartafoles</p> <p>Funcións básicas dun procesador de textos.</p> <p>Normas de seguridade, integridade e confidencialidade da información.</p> <p>Combinación de documentos.</p> <p>Traballo en grupo: comparación de documentos, versións de documento, verificación de cambios, etc.</p> <p>Deseño e creación de macros.</p> <p>Uso de software e hardware para introducir textos e imaxes.</p> <p>Estrutura dos documentos: divisións e seccións.</p> <p>Elaboración de documentos de diversos tipos (manuais, partes de incidencias, etc.).</p> <p>Estilos.</p> <p>Formularios.</p> <p>Creación e uso de patróns.</p> <p>Inserción de obxectos, gráficos, táboas, follas de cálculo, hiperligazóns, etc.</p> <p>Definición de idiomas e revisión ortográfica de documentos.</p> <p>Importación e exportación de documentos.</p>

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Realización das funcións básicas dun procesador de textos	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos distintos xeitos de selección, copiado e borrado de texto 	<ul style="list-style-type: none"> Copiar un texto e realizar as funcións de selección, copiado, desprazamento e borrado 	<ul style="list-style-type: none"> Documentos onde se realizaron funcións de selección, copiado e borrado 	<ul style="list-style-type: none"> Aplicación informática de tratamento de textos. Documentos modelo. 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 	3,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	
Identificación e utilización das funcións de formato de fonte e parágrafo	<ul style="list-style-type: none"> - Explicación dos distintos formatos de carácter e de parágrafo. - Explicación da utilización de formato de viñetas, numeración e esquema numerado - Explicación da utilización de bordes, sombreados e tabuladores 	<ul style="list-style-type: none"> - Copiar un texto e empregar as funcións de dar formato de carácter e de parágrafos. - Copiar un texto e empregar as funcións de numeración, viñetas e esquemas numerados. - Copiar un texto e empregar as funcións de bordes, sombreados e tabuladores. 	<ul style="list-style-type: none"> • Documentos onde se realizaron funcións de formato de carácter, de parágrafo, numeración, viñetas, esquemas numerados, bordes, sombreados e tabulacións 	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicación informática de tratamento de textos. Documentos modelo. 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.2 	12,0
Elaboración de textos empregando as posibilidades de configuración de páxina e a utilización de encabezados e pés de páxina.	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación sobre seccións, columnas, distintas configuracións e bordes de páxina e creación de encabezados e pés de páxina 	<ul style="list-style-type: none"> • Copiar un texto e empregar saltos de sección, columnas, modificar a orientación da páxina e poñer bordes de páxina e encabezados e pés 	<ul style="list-style-type: none"> • Documentos onde se realizaron saltos de sección, columnas, modificación da orientación de páxina, bordes de páxina, encabezados e pés 	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicación informática de tratamento de textos. Documentos modelo. 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 	17,0
Edición de textos complexos en Word e combinar documentos	<ul style="list-style-type: none"> • - Explicación sobre os distintos tipos de impresos, folletos, manuais, etc. - Explicación sobre a combinación de documentos, etiquetas e sobres 	<ul style="list-style-type: none"> • - Elaborar documentos aplicando os distintos tipos de impresos, folletos, manuais, maquetas, etc. - Elaborar documentos nos que se combinen distintos documentos, sobres e etiquetas 	<ul style="list-style-type: none"> • Distintos tipos de documentos: impresos, folletos, manuais, etc. Documentos onde se combinan documentos, etiquetas e sobres 	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicación informática de tratamento de textos. Documentos modelo. Software de tratamento de imaxes 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.4 	17,0
Utilización e creación de estilos para a súa utilización en documentos extensos e creación de táboas de contido	<ul style="list-style-type: none"> • - Explicación sobre o emprego dos estilos predefinidos e creación de outros novos - Explicación da creación de táboas de contido 	<ul style="list-style-type: none"> • - Copiar un texto e empregar os estilos predefinidos e crear estilos propios. - Crear táboas de contido 	<ul style="list-style-type: none"> • Documentos onde se aplicaron distintos tipos de estilos e táboas de contido 	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicación informática de tratamento de textos. Documentos modelo 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.2 	6,0
CA3.8 Identifícanse as causas e os procedementos de modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo conforme a normativa, e identifícanse os elementos básicos da liquidación.	• PE.1	S	25
CA3.9 Rexístrouse a información xerada nos respectivos expedientes de persoal.	• PE.2	N	13
CA3.10 Seguíronse criterios de prazos, confidencialidade, seguridade e dilixencia na xestión e na conservación da información.	• LC.1	N	12
CA4.5 Calculouse o recibo de salario e cubríronse os documentos de cotización.	• LC.2	S	25
CA4.7 Obtivéronse os recibos de salario, documentos de cotización e listaxes de control.	• LC.3	S	25
TOTAL			100

4.8.e) Contidos

Contidos
Suspensión e extinción do contrato de traballo.
Liquidación.
Confección do recibo de salarios.

4.8.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A modificación, a suspensión e a extinción do contrato de traballo. - Coñecer as circunstancias que dan lugar as modificacións que se poidan producir no contrato de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación e explicación dos contidos 	<ul style="list-style-type: none"> • Repostar a cuestións plantexadas 	<ul style="list-style-type: none"> • Diferenciar entre modificación, suspensión e extinción dun contrato de traballo 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntes • Equipo informático con acceso a Internet • Proxector • Pizarra branca 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 • LC.2 • PE.1 	5,0
Casos prácticos de liquidacións dos contratos de traballo. - Elaborar liquidacións dos contratos de traballo.	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación de casos prácticos de mostra 	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza exercicios prácticos 	<ul style="list-style-type: none"> • Casos prácticos resoltos 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntes • Equipo informático con acceso a Internet • Proxector • Pizarra branca • Calculadora 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 • LC.2 • LC.3 • PE.2 	8,0
TOTAL						13,0

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Prevenición de riscos laborais.	12

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Aplica procedementos de calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental nas operacións administrativas de recursos humanos, e recoñece a súa incidencia nun sistema integrado de xestión administrativa.	SI

4.9.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Interpreta os elementos básicos en materia de prevención de riscos laborais. 1.2 Analiza a normativa aplicable en materia de riscos laborais.	1	A prevención de riscos laborais.	7,0
2.1 Identifica os principais riscos laborais na oficina. 2.2 Recoñece como propios eses riscos nos que podería incurrir cando se incorpore ó mundo laboral no sector da xestión administrativa.	2	Os riscos laborais na oficina.	5,0
TOTAL			12

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA6.1 Diferenciáronse os principios básicos dun modelo de xestión de calidade.	• PE.1	S	30
CA6.2 Valorouse a integración dos procesos de recursos humanos con outros procesos administrativos da empresa.	• TO.1	N	5
CA6.3 Aplicáronse as normas de prevención de riscos laborais no sector.	• LC.1	S	30
CA6.4 Aplicáronse os procesos para reducir o impacto ambiental da súa actividade.	• LC.2	S	30
CA6.5 Aplicáronse na elaboración e na conservación da documentación as técnicas de 3R (reducir, reutilizar e reciclar).	• LC.3	N	5
TOTAL			100

4.9.e) Contidos

Contidos
Prevenición de riscos laborais: saúde, dano e risco.
Fundamentos e principios básicos dun modelo de calidade total en recursos humanos.
Normativa de protección de datos de carácter persoal e confidencialidade.

4.9.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
A prevención de riscos laborais. - Coñecer a normativa aplicable á prevención de riscos laborais.	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación e explicación de contidos 	<ul style="list-style-type: none"> • Repostar a cuestións plantexadas 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer a Ley de Prevención de Riscos Laborais 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntes • Equipo informático con acceso a Internet • Proxector • Pizarra branca 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 	7,0
Os riscos laborais na oficina. - Coñece os riscos do seu sector laboral.	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación e explicación de contidos 	<ul style="list-style-type: none"> • Repostar a cuestións plantexadas 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer os riscos laborais na oficina 	<ul style="list-style-type: none"> • Apuntes • Equipo informático con acceso a Internet • Proxector • Pizarra branca 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 • LC.2 • LC.3 • TO.1 	5,0
					TOTAL	12,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua a través das actividades que se programen e harmonizarase con probas teórico-prácticas para cada avaliación parcial, de carácter obrigatorio para o alumnado, e axustadas aos resultados de aprendizaxe e aos criterios de avaliación do currículo.

A valoración do grao de consecución dos resultados de aprendizaxe farase tomando como referencia inmediata os criterios de avaliación establecidos para o módulo. Os mínimos exigibles están directamente relacionados cos criterios de avaliación que aparecen no currículo e veñen recollidos nesta programación.

MÍNIMOS EXIXIBLES:

No punto 4c) xa se especificou o peso de cada criterio de avaliación en función da unidade didáctica de que se trate así como si dito criterio dentro da unidade didáctica considérase mínimo exixible.

CA1.1 - Describíronse os aspectos principais da organización das relacións laborais.

CA1.2 - Relacionáronse as funcións e as tarefas do departamento de recursos humanos, así como as principais políticas de xestión do capital humano das organizacións.

CA1.3 - Identificáronse as técnicas habituais de captación e selección.

CA1.10 - Aplicáronse os criterios, as normas e os procesos de calidade establecidos, na procura dunha xestión eficaz.

CA2.3 - Identificáronse as entidades de formación máis próximas ou importantes, preferentemente por medios telemáticos, para propor ofertas de formación nun caso empresarial dado, e contactouse con elas.

CA2.4 - Clasificáronse as principais fontes de subvención da formación en función da súa contía e dos seus requisitos.

CA2.10 - Aplicouse ao seu nivel a normativa de protección de datos relativa á seguridade, a confidencialidade, a integridade, o mantemento e a accesibilidade á información.

CA3.1 - Definíronse os aspectos máis salientables das condicións laborais establecidas na Constitución, no Estatuto dos Traballadores, nos convenios colectivos e nos contratos.

CA3.2 - Recoñecéronse as fases do proceso de contratación e os tipos de contratos laborais máis habituais segundo a normativa laboral.

CA3.5 - Definíronse os procesos de afiliación e alta na Seguridade Social.

CA3.7 - Aplicáronse as normas de cotización á Seguridade Social referentes a condicións laborais, prazos de pagamento e fórmulas de aprazamento.

CA3.8 - Identificáronse as causas e os procedementos de modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo conforme a normativa, e identificáronse os elementos básicos da liquidación.

CA3.10 - Seguironse criterios de prazos, confidencialidade, seguridade e dilixencia na xestión e na conservación da información.

CA4.1 - Identificáronse os conceptos de retribución e cotización do traballador e diferenciáronse os tipos de retribución máis comúns.

CA4.2 - Distinguíronse os réximes da Seguridade Social.

CA4.3 - Identificouse a estrutura básica do salario e os tipos de percepcións salariais, non salariais, de periodicidade superior ao mes e extraordinarias

CA4.4 - Calculouse o importe das bases de cotización en función das percepcións salariais e das situacións que máis comunmente as modifican.

CA4.5 - Calculouse o recibo de salario e cubríronse os documentos de cotización.

CA4.6 - Tivéronse en conta os prazos establecidos para o pagamento de cotas á Seguridade Social e para retencións, así como as fórmulas de apazamento, segundo os casos.

CA4.7 - Obtivéronse os recibos de salario, documentos de cotización e listaxes de control.

CA4.9 - Valoráronse as consecuencias de non cumprir os prazos previstos na presentación de documentación e pagamento.

CA5.1 - Determináronse os aspectos básicos das relacións laborais no relativo ás súas comunicacións internas.

CA5.4 - Elaboráronse informes básicos do control de presenza, utilizando aplicacións de procesamento de texto e presentacións.

CA6.1 - Diferenciáronse os principios básicos dun modelo de xestión de calidade.

CA6.3 - Aplicáronse as normas de prevención de riscos laborais no sector.

CA6.4 - Aplicáronse os procesos para reducir o impacto ambiental da súa actividade.

A avaliación será un proceso continuo e haberá tres avaliacións. A relación de unidades que compoñen cada avaliación son:

- Primeira avaliación: unidades 1 - 2 - 3 - 4.
- Segunda avaliación: unidades 5 - 6 - 7 - 8 - 9.

En cada unidade didáctica establécese o instrumento a aplicar segundo os contidos da mesma. Se o instrumento é proba escrita esta poderá ser exame teórico e/ou práctico, traballos, etc. As probas teóricas poden ser de resposta curta, cumprimentar, resposta larga, tipo test (con e sen desconto de erros). Nas diferentes probas constarán os pesos de cada pregunta. De ser tipo test especificarase o que restan as respostas erróneas.

Se o instrumento é táboa de observación ou lista de cotexo, son táboas que conteñen indicadores que serven para avaliar se o alumnado realizou as aprendizaxes relacionadas cun criterio de avaliación e dispoñen de columnas adicionais para realizar a valoración.

A nota de cada avaliación será un número enteiro entre 1 e 10 puntos e será a media ponderada das unidades didácticas que compoñen a avaliación. Se algunha das unidades didácticas que compoñen a avaliación está suspensa, a nota da avaliación poderá ser como máximo 4 puntos sobre 10.

A nota final do módulo será a media ponderada de todas as unidades didácticas que compoñen o módulo. Para superar o módulo, teñen que estar aprobadas todas as unidades didácticas con un mínimo de 5 puntos sobre 10 en cada unha. No caso de ter algunha unidade didáctica suspensa, a nota poderá ser como máximo 4 puntos sobre 10.

O redondeo efectuarase por exceso cando as décimas da cualificación sexan iguais ou superiores a 5.

Se un/ha alumno/a non se presenta a un exame, só terá dereito á repetición do exame aportando un xustificante oficial por escrito que xustifique a devandita ausencia.

Considéranse causas xustificadas da non asistencia a un exame as seguintes:

- a) Enfermidade grave ou hospitalización que impida fisicamente a asistencia ou realización do exame.
- b) Morte ou hospitalización dun familiar con relación de parentesco de primeiro grado ocorrida dentro das 48 horas anteriores á celebración do exame.
- c) Citación xudicial inaprazable que impida a asistencia ao exame.
- d) Calquera outra libremente apreciada pola profesora, da que o alumno deberá aportar a xustificación debida.

Sancionarase coa cualificación de 1 cando se comprobe que o alumno/a non actuou de boa fe ao realizar as probas porque copiara ou realizara condutas similares.

A superación dos controis, exames, tarefas e traballos deberá obterse de forma lícita.

Polo tanto, o feito de copiar nun exame, permitir que outras persoas copien, levar teléfono móbil, auriculares, apuntamentos, etc. (aínda que non sexan usados) ou participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar os resultados propios ou alleos mediante procedementos deshonestos, suporá a retirada inmediata do citado exame, obtendo un cero na cualificación do mesmo, sen dereito a repetición, o que suporá unha nota de suspenso nas unidades que compoñan esa avaliación.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Criterios de avaliación.

- Presencial
- Semipresencial (punto 10)
- Non presencial (punto 10)

PRESENCIAL

Avaliación inicial

Faranse unhas probas iniciais para coñecer as características e a formación previa do alumnado, así como as súas capacidades. Estas probas adaptaranse a cada módulo, e poderan ser:

- Exercicios-problemas de cálculo como aplicación de porcentaxes, proporcións, etc.
- Cuestionario sobre conceptos básicos precisos para a aprendizaxe do módulo.

O resultado desas probas será levado á sesión de avaliación inicial que realizará o equipo docente.

No caso dos alumnos de segundo esta proba non se realiza porque foron alumnados/as no curso pasado e a docente ten información suficiente para expoñer na avaliación inicial.

Avaliación Trimestral

Cada calificación trimestral calcularase en base aos resultados obtidos cos seguintes instrumentos de avaliación, situándose o aprobado a partir do 5:

- Exames: 90%: Nota mínima de 5 en tódolos exames para superar o trimestre. As probas obxectivas serán tanto programadas e datadas, como a criterio do docente sin previo aviso. Calquera intento de copia ou fraude, suporá o suspenso nese bloque de contidos.
- Actividades 10%: Entrega das actividades realizadas en cada UD para a súa revisión na aula virtual Gsuit en formato word, excel ou PDF. A non presentación dos exercicios das diferentes unidades didácticas supondrá unha nota negativa de (-0,25) por unidade didáctica.

Para obter á calificación final do trimestre sumaranse as calificacións das dúas notas anteriores, tendo en conta que, para sumar á calificación final

do trimestre o %, das actividades, será necesario ter superado con un 5 tódolos exames do trimestre.

- A asistencia a clase é obrigatoria.
- Con 10% de faltas non xustificadas pérdese o dereito a exame.
- Calquera día, en horas de clase, pode haber un control sen previo aviso. A nota obtida terase en conta para a nota final.
- Calquera intento de copia ou fraude suporá o suspenso na Unidade Didáctica correspondente.
- A non presentación dos exercicios das diferentes unidades didácticas supondrá unha nota negativa de (-0,25) por unidade didáctica

Avaliación Final

A calificación final do módulo calcularase a través da media das dúas calificacións trimestrais, situándose o aprobado a partir do 5. Para o cálculo desta media tódalas calificacións trimestrais deberán ser necesariamente superiores a 5. No caso de que o resultado sexa decimal, se redondeará por arriba ou abaixo, ao criterio do docente, en función do esforzo e actitude do alumnado, observado durante o curso.

É moi importante que o alumno asimile que debe comportarse, da forma máis parecida posible a un posto de traballo para o que está formándose. Por iso terase en conta: iniciativa propia, traballo, esforzo, interés, asistencia, puntualidade, comportamento na clase, respecto ó/a profesor/a e ós/as compañeiros/as, etc.

Aqueles alumnos que teñan unha cualificación negativa nalgunha das dúas avaliacións trimestrais, deberán realizar no mes de marzo (nunha data previa a FCT), unha proba final de avaliación que evidencie a adquisición das capacidades terminais elementais do módulo, se a superan a nota definitiva será un 5 (en casos excepcionais esta nota pode ser superior).

A avaliación final servirá para valorar os logros obtidos polo alumno ó termo do proceso de ensino-aprendizaxe e para determinar a cualificación final do ciclo formativo en función dos obxetivos xerais do currículo e a competencia profesional característica do título. Os alumnos que tivesen cualificación positiva nas tres avaliacións trimestrais, non terán que presentarse a esta proba final.

Finalmente, é preciso dicir que a avaliación non debe ser unicamente un instrumento para coñecer o progreso do alumno, senón que debe servir tamén como medio de autoavaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe e para corrixilo se é necesario.

Os mínimos exixibles e criterios de calificación en caso de confinamento (de todo ou parte do grupo) serán os mesmos que para a ensinanza presencial. A diferenza darase no xeito en que se terán que realizar as probas de cualificación destes mínimos, que pasarán a ser telemáticas tal e como se explica no punto 10.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os procedementos de recuperación durante o curso realizaranse en data posterior a cada avaliación. Para a súa recuperación seguirase o seguinte proceso:

- Detectar as causas.
- Paliar, na medida do posible, estas causas: intentando unha maior motivación, sinalando técnicas de estudo e traballo máis específicas, sinalar

conceptos básicos das unidades.

- Realizar exercicios máis sinxelos ou con máis pasos intermedios, para alcanzar o nivel esixido.

- Realizar un exercicio de recuperación ou un traballo complementario que englobe as capacidades non conseguidas.

- Realizárase unha proba final (proba escrita teórico-práctica) para aqueles alumnos/as que non superasen algunha ou todas as unidades didácticas. O/a alumno/a conservará a nota das unidades didácticas que teña aprobadas. O exame consistirá en resolver preguntas tipo test ou de desenvolvemento curto teóricas e/ou prácticas. A nota deste exame será a nota da unidade didáctica recuperada e será de entre 1 e 10 puntos. Para superar a unidade didáctica ten que acadarse una nota de como mínimo 5 puntos sobre 10. A nota final do módulo determinarase segundo o procedemento para as avaliacións ordinarias.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado perderá o dereito a avaliación continua cando supere o 10% de faltas de asistencia xustificadas segundo a Norma de Organización e Funcionamento (NOF) do centro e o 10% de faltas inxustificadas segundo o artigo 25.3 da Orde do 12 de xullo de 2011.

A tenor do exposto, e tendo en conta as casuísticas comentadas, ao finalizar o período lectivo para este módulo, farase unha proba obxectiva de toda a materia para aqueles/as alumnos/as que por falta de asistencia perderon o dereito a avaliación continua, consistente nun exame de todas as unidades didáctica. O exame consistirá en resolver preguntas tipo test ou de desenvolvemento curto teóricas e/ou prácticas. A nota deste exame será a nota da unidade didáctica correspondente e será de entre 1 e 10 puntos. Para superar a unidade didáctica ten que acadarse una nota de como mínimo 5 puntos sobre 10.

A nota final do módulo determinarase segundo o procedemento para as avaliacións ordinarias.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O procedemento fundamental para levar a cabo o seguimento da programación e a avaliación da práctica docente será a autoavaliación da práctica educativa. A avaliación correspóndelle, en primeiro lugar, á profesora, que se enfrontará a todas as súas tarefas e funcións cunha actitude crítica permanente. De igual xeito, no equipo docente e no departamento, en actitude recíproca de participación colectiva, intercambiaranse puntos de vista, analizarase, deliberarase e chegarase a acordos que enriquezan mutuamente a práctica docente.

Ademais, na reunión de departamento, ao longo do curso, realizarase o seguimento e control da programación, tomando as medidas oportunas se é o caso. O seguimento de programación reflíctase na aplicación da Consellería de Educación "Programacións".

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, a profesora realizará unha avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar ao alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Procurarase obter información sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, coincidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Tamén se consultará co Departamento de Orientación para coñecer se existen dificultades co alumnado respecto á expresión oral ou escrita, a capacidade de abstracción, a correcta utilización das fontes de información, a utilización da lóxica na resolución de problemas, o dominio das técnicas de estudo máis elementais, etc.

No inicio do curso é importante coñecer a cada alumno/a, en particular, e ao grupo, en xeral; concretamente, a información persoal, ocupacional, os intereses, as expectativas, limitacións, etc., que cambiarán ao longo do curso e permitirán á profesora reorientar a programación. Trátase de información que afecta ao proceso de ensino-aprendizaxe.

Como instrumentos de avaliación utilizaranse:

- Informes do Departamento de Orientación.
- Observación do alumnado nos primeiros días de clase e un cuestionario inicial.
- Probas iniciais para coñecer as características e a formación previa do alumnado, así como as súas capacidades. Estas probas adaptaranse a cada módulo, e poderan ser:

- * Exercicios-problemas de cálculo como aplicación de porcentaxes, proporcións, etc.
- * Cuestionario sobre conceptos básicos precisos para a aprendizaxe do módulo.

-No caso de alumnos repetidores, as experiencias do curso pasado

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A Lei Orgánica de Educación, no seu artigo 71, establece a obriga da Administración de dispoñer dos medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional. Segundo a LOE os/as alumnos/as poden requirir unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas da aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar.

Neste contexto, o artigo 5 do Real Decreto 1147/2011 establece que as ensinanzas de FP adaptaranse ao alumnado con NEE para que se garanta o seu acceso, permanencia e progresión nestas ensinanzas.

En Galicia regúlase a atención á diversidade do alumnado a través do Decreto 229/2011, do 7 de decembro. Así mesmo, establécense protocolos específicos como o protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual, pensando nun posible alumno que precise medidas de atención concretas.

Unhas das medidas xerais a aplicar é o reforzo. Entendemos como reforzo educativo o conxunto de medidas educativas deseñadas polo profesorado e dirixidas a axudar ao alumnado nas súas dificultades escolares ordinarias, tratándose sobre todo de medidas que requiren flexibilidade metodolóxica.

- Situar ao alumnado con necesidades específicas nos grupos nos que mellor poida traballar cos seus compañeiros. Para iso deben aproveitarse as interaccións e axudas que de forma espontánea se producen en todos os grupos; pero ademais será necesario potenciar e desenvolver intencionalmente estas interaccións.
- Introducir métodos e técnicas de ensino-aprendizaxe específicas para traballar determinados contidos, sexan individuais ou compartidos co grupo.
- Utilizar técnicas, procedementos e instrumentos de avaliación distintos dos do grupo de referencia.
- Incorporar, nas actividades de ensino-aprendizaxe e avaliación, o tipo de axuda máis axeitado para o/a alumno/a. Por exemplo, axudas visuais, axudas persoais (compañeiros, profesores, auxiliares educativos, intérpretes, expertos, etc...).
- Introducir actividades individuais, ben alternativas ou ben complementarias, para conseguir obxectivos comúns ao grupo de referencia.
- Eliminar aquelas nas que non se beneficie ou non poida ter unha participación activa e real.
- Situar o/a alumno/a no lugar da aula no que se compensen ao máximo as súas dificultades e no que participe, o máis posible, na dinámica do grupo.

En calquera caso, as medidas deberán ser individualizadas e polo tanto adaptadas ás necesidades concretas de cada caso, polo que despois da avaliación inicial ou en calquera momento do curso no que se detecte unha dificultade poranse en marcha os preceptivos mecanismos de reforzo, ou de ser o caso, solicitarase a axuda do equipo educativo e do departamento de información e orientación por se fose necesario dar un paso máis na concreción das medidas e promover unha adaptación curricular.

Non obstante, tendo en conta os distintos motivos da atención a diversidade levaranse a cabo as seguintes accións:

- Alumnado con altas capacidades intelectuais: O alumnado que posúa características de altas capacidades e/ou a aqueles que pola súa capacidade ou experiencia teñan un nivel claramente superior ao resto da clase, proporcionaráselles actividades específicas que permitan desenvolver o seu intelecto da forma máis axeitada. Recomendaráselles e proporáselles a realización de actividades de maior complexidade que ao resto da clase, que amplíen os conceptos, ben sexa coa lectura de artigos ou bibliografía avanzados ou a realización de actividades de maior complexidade.
- Alumnado con dificultade de aprendizaxe: Aos alumnos que presenten dificultades de aprendizaxe trataráselles de orientar cara a realización de actividades máis básicas que cumpran os obxectivos marcados para o módulo. Proporcionaráselles información de apoio adecuada ao seu nivel.
- Alumnado estranxeiro: No caso de alumnos estranxeiros con problemas de comunicación asociados a linguaxe, axudaráselle a entender os contidos na súa lingua sempre que sexa posible.
- Alumnado con necesidades educativas especiais: Para os alumnos con necesidades educativas especiais realizaranse adaptacións curriculares, estas poderán ser significativas ou non significativas. Calquera adaptación curricular que se faga aos alumnos con necesidades educativas especiais farase sempre en colaboración co Departamento de Información e Orientación, o cal nos indicará os graos e formas de aprender do alumno co fin de determinar que obxectivos da programación convén modificar ou adaptar. Todo isto intentando sempre integrar ao alumno co resto de compañeiros.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

As actividades profesionais asociadas a este ciclo se aplican:

En tódolos ámbitos da empresa, tanto interno coma externo y en todo tipo de empresas, independentemente ol sector o que pertenzan. E por esta razón que tratarase de transmitir valores cívicos e profesionais para que se adapten ó mundo empresarial.

A educación en valores estará presente ao longo de todo o curso, na forma na que se desenvolven os traballos da clase e nos exercicios que se van a facer, adecuándose á realidade empresarial e económica do momento; terá especial incidencia nos valores de:

- Esfuerzo persoal
- Cultura emprendedora
- Colaboración cos compañeiros
- Igualdade de oportunidades
- Actitude non sexista
- Traballo en equipo
- Organización do traballo
- Trato educado cos compañeiros e co profesorado
- Rexeitamento dos malos tratos
- Coidado e utilización dos bens comúns e o medio ambiente.

A Lei de Educación incorpora as competencias básicas ao currículo, como un dos seus elementos máis salientables, esta incorporación das competencias básicas ao currículo é unha primeira aposta por achegar o sistema educativo ás esixencias internacionais. Unha das competencias introducidas é a competencia social e cidadá, básica para a comprensión da realidade na que se vive empregando o xuízo ético baseado nos propios valores e nas prácticas democráticas que deben presidir as nosas relacións. Enténdese que desde esta competencia o alumnado poderá afrontar dun xeito máis adecuado a convivencia coas demais persoas e o enfrontamento dos conflitos que poidan xurdir nas relacións.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Realizaráanse as actividades complementarias que determine o departamento Administrativo.

10.Outros apartados

10.1) Medidas COVID

SEMIPRESENCIAL

No caso de simultanear alumnado na aula e na casa, será imprescindible contar cunha cámara ou un portáil, para que os que queden na casa poidan seguir as clases en directo.

Para a realización das tarefas tanto propostas na clase como como actividades de reforzo fora do horario, traballarase coas contas de G Suite, na Classroom. Subiranse os materiais necesarios para que poidan realizalas e daráselles un tempo para a súa entrega. Unha vez finalizadas, subiranse ao aula para a súa corrección e cualificación en formato word, excel ou PDF.

Nas actividades poderásse requirir do alumnado a explicación oral das entregas realizadas ou enviados mediante formularios de google, correos electrónicos con arquivos adxuntos, a fin de demostrar os seus coñecementos e evitar o plaxio, ou a copia dso traballos doutros/as compañeiros/as.

A avaliación será igual que a presencial, tendo en conta que a realización das probas programadas e datadas, se realizarán por quendas de presencialidade.

NON PRESENCIAL

Avaliación trimestral

No caso de ser necesaria a docencia non presencial, o centro estudiará as necesidades de recursos de cada estudante e se procederá a achegarllles o material preciso coa axuda da Consellería de Educación.

Todo o alumnado estará obrigado a asistir as clases virtuais conectándose á hora da clase a través da plataforma elixida polo centro, activando a cámara/micrófono ou desactivándoa/o a petición do docente. No caso de non conectarse, considerarase como falta, e apuntarase no programa XADE este feito.

Non está permitida a gravación das sesións, e no caso de detectar este feito, abriráselle expediente disciplinario a/ persoas involucradas.

Avaliación trimestral

Como na avaliación presencial, a nota da avaliación estará formada pola suma das notas obtidas entre as actividades e os exames, e o seu peso será o mesmo nesta modalidade.

Durante as sesións de cada módulo, o docente poderá realizar actividades para a súa entrega, ou para entregar con posterioridade. Todas elas poderán ser cualificables. Estas actividades serán remitidas a través da classroom ou correo electrónico ao docente en formato word, excel ou PDF.

Dataranse exames. Cada unha das probas realizaranse a través da classroom ou correo electrónico, mediante:

- Cuestionarios con valoración negativa nas respostas incorrectas polo mesmo valor da pregunta.
- Entrega de arquivos de word, excel, fotografías, etc.
- Probas orais, tanto como proba en sí mesma, como método de corroboración da autenticidade dos arquivos entregados.

Para obter á cualificación final do trimestre se sumaran as cualificacións das dúas notas anteriores, tendo en conta que, para sumar á cualificación final do trimestre o porcentaxe das actividades, será necesario ter superado con un 5 tódolos exames do trimestre.

Avaliación Final

Os criterios de cálculo da nota final coinciden cos da avaliación presencial.

Neste caso de non presencialidade, a avaliación realizarase online do mesmo modo que as probas realizadas durante as avaliacións trimestrais.

Metodoloxía na ensinanza a distancia:

O módulo de Operacións administrativas de recursos humanos impartirase empregando ferramentas informáticas (word, excel, programas da facenda pública, do SEPE, da Seguridade Social e de organismos oficiais) o que nos facilitaría a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe no caso de confinamento.

Por outra banda estará a disposición dos alumn@s na aula virtual Gsuit todo o material que se irá impartindo o longo do curso. Esta aula será a principal vía para a ensinanza telemática no caso de que haxa confinamento (dalgún alumn@ ou de todo o grupo).

Ante a eventualidade de confinamento parcial, aqueles alumn@s que non poidenran asistir as clases, poderán seguir o módulo a través da plataforma tendo acceso tanto o material coma as tarefas que se van realizando no día a día. A entrega de actividades farase en formato word, excel ou PDF.

En caso de que o confinamento sexa total, farase un uso máis extensivo das tecnoloxías empregando ferramentas como programas de videoconferencia, videotutoriais, correos electrónicos, etc.

O alumnado estará obrigado a asistir as clases virtuais conectándose á hora establecida pola profesora, sempre no horario lectivo. En caso de non facelo se lle computará a falta correspondente na aplicación XADE.

Para a realización das probas práctico-teóricas, empregarase a aula virtual (onde se colgarán os exames) e un programa de videoconferencia (para ter contacto visual cos alumn@s).

Dada a dificultade de control, estableceráanse distintas quendas, sendo posible que o proceso de avaliación do módulo se prolongue durante varios días en función do número de alumn@s que haxa no grupo.

En caso de sospeita por parte da profesora de falsidade no exame poderáse citar ó alumn@ telemáticamente para que explique ou responda a aquelas preguntas que lle requira a profesora sobre a materia a avaliar (esta videoconferencia poderá ser grabada co consentemento do alumn@) para presentarse como proba en caso de reclamacións. As preguntas a realizar só poderán versar sobre o contido do exame e no caso de negativa a facer esta proba de validación, o alumn@ considerárase suspenso.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019529	Ribeira do Louro	Porriño (O)	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CMADG01	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0443	Tratamento da documentación contable	2022/2023	6	105	126

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	OLGA GONZÁLEZ MARTÍNEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O ámbito produtivo no que se atopa situado o centro educativo caracterízase pola presenza de PYMES enmarcadas fundamentalmente no sector secundario. É por iso que o deseño do módulo xira ao redor das tarefas administrativas que adoitan desenvolver os profesionais do ámbito da xestión e administración neste tipo de empresas.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe			
					MP0443_00			
					RA1	RA2	RA3	RA4
1	Conceptos básicos da técnica contable. Preparación da documentación contable.		18	14	X	X	X	X
2	Compras e vendas no PXC de PEMES		18	14		X	X	X
3	Gastos e ingresos de explotación		18	14		X	X	X
4	Acreedores e deudores por operacións comerciais I		18	14		X	X	X
5	Acreedores e deudores por operacións comerciais II		18	15		X	X	X
6	O inmovilizado		18	15		X	X	X
7	Fontes de financiamento		18	14		X	X	X
Total:			126					

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Conceptos básicos da técnica contable. Preparación da documentación contable.	18

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara a documentación soporte dos feitos contables e interpreta a información que contén.	SI
RA2 - Rexistra contablemente feitos económicos habituais, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas.	NO
RA3 - Contabiliza operacións económicas habituais correspondentes a un exercicio económico completo, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do plan de contabilidade.	NO
RA4 - Comproba as contas relacionando cada rexistro contable cos datos dos documentos soporte.	NO

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 ELABORAR BALANCES E ASENTOS NO LIBRO DIARIO E LIBRO MAIOR E ANALIZAR A DOCUMENTACIÓN CONTABLE	1	EXERCICIOS DE ELABORACIÓN DE BALANCES E ASENTOS NO LIBRO DIARIO E LIBRO MAIOR E ANÁLISE DA DOCUMENTACIÓN CONTABLE.	18,0
TOTAL			18

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícaronse os tipos de documentos soporte que son obxecto de rexistro contable.	• PE.1	S	10
CA1.2 Comprobase que a documentación soporte recibida conteña todos os rexistros de control interno establecidos (sinatura, autorizacións, etc.) para o seu rexistro contable.	• PE.2	S	5
CA1.3 Efectuáronse propostas para o arranxo de erros.	• PE.3	S	5
CA1.4 Clasificouse a documentación soporte conforme criterios previamente establecidos.	• PE.4	S	5
CA1.5 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de seguridade e confidencialidade da información.	• PE.5	S	5
CA1.6 Arquivouse a documentación soporte dos asentamentos seguindo procedementos establecidos.	• PE.6	S	5
CA1.7 Mantívose un espazo de traballo co grao apropiado de orde e limpeza.	• PE.7	S	5
CA2.1 Identifícaronse as contas que interveñen nas operacións máis habituais das empresas.	• PE.8	S	5
CA2.2 Codificáronse as contas conforme o PXC.	• PE.9	S	5
CA2.3 Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan, segundo o PXC.	• PE.10	S	5
CA3.1 Identifícaronse os feitos económicos que orixinan unha anotación contable.	• PE.11	S	5
CA3.3 Obtivéronse periodicamente os balances de comprobación de sumas e saldos.	• PE.12	S	10

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA3.4 Calculáronse as operacións derivadas dos rexistros contables que cumpra realizar antes do pechamento do exercicio económico.	• PE.13	S	5
CA3.7 Preparouse a información económica salientable para elaborar a memoria da empresa para un exercicio económico concreto.	• PE.14	S	5
CA3.8 Elaborouse a memoria da empresa para un exercicio económico concreto.	• PE.15	S	5
CA3.9 Verifícouse o funcionamento do proceso, contrastando os resultados cos datos introducidos.	• PE.16	S	5
CA4.7 Comprobase o saldo das contas como paso previo ao inicio das operacións de pechamento do exercicio.	• PE.17	S	5
CA4.8 Comunicáronse os erros detectados segundo o procedemento establecido.	• PE.18	S	5
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
Documentación mercantil, laboral, fiscal e contable. Interpretación contable dos documentos xustificantes da información contable. Documentos xustificantes mercantís tipo. Requisitos da lexislación mercantil na documentación contable. Organización e arquivo dos documentos mercantís para os fins da contabilidade. Cálculo do resultado. Asentamento de apertura. Rexistro contable de operacións diarias. Balance de comprobación de sumas e saldos. Axustes e regularizacións previos ao pechamento. Conta de perdas e ganancias. Balance de situación final. Memoria. Asentamento de pechamento.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos			
Actividade (título e descrición)				Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
EXERCICIOS DE ELABORACIÓN DE BALANCES E ASENTOS NO LIBRO DIARIO E LIBRO MAIOR E ANÁLISE DA DOCUMENTACIÓN CONTABLE.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación demostrativa de exercicios de elaboración de balances e asentos no Libro Diario e Libro Maior e análise teórico da documentación contable. 	<ul style="list-style-type: none"> Realización de exercicios de elaboración de balances e asentos no Libro Diario e Libro Maior e de análise da documentación contable. 	<ul style="list-style-type: none"> Balances e asentos no Libro Diario e Libro Maior e análise da documentación contable. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes, PXC, material de oficina, axenda, ordenador, Microsoft Office, ContaSol, GSuite, conexión a Internet, proxector, encerado. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 PE.2 PE.3 PE.4 PE.5 PE.6 PE.7 PE.8 PE.9 PE.10 PE.11 PE.12 PE.13 PE.14 PE.15 PE.16 PE.17 PE.18 	18,0
TOTAL						18,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Compras e vendas no PXC de PEMES	18

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Rexistra contablemente feitos económicos habituais, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas.	NO
RA3 - Contabiliza operacións económicas habituais correspondentes a un exercicio económico completo, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do plan de contabilidade.	NO
RA4 - Comproba as contas relacionando cada rexistro contable cos datos dos documentos soporte.	NO

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 CONTABILIZAR ASENTOS DE COMPRAS E VENDAS A PARTIR DE DOCUMENTOS NO MARCO DO CICLO CONTABLE	1	EXERCICIOS DE CONTABILIZACION DE ASENTOS DE COMPRAS E VENDAS A PARTIR DE DOCUMENTOS NO MARCO DO CICLO CONTABLE	18,0
TOTAL			18

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA2.4 Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables máis habituais.	• PE.1	S	10
CA2.6 Contabilizáronse as operacións relativas á liquidación do IVE.	• PE.2	S	10
CA2.7 Realizáronse as copias de seguridade segundo o protocolo establecido para salvagardar os datos rexistrados.	• PE.3	S	10
CA2.8 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de responsabilidade, seguridade e confidencialidade da información.	• PE.4	S	10
CA3.2 Introduciuse correctamente a información derivada de cada feito económico na aplicación informática de forma cronolóxica.	• PE.5	S	10
CA3.3 Obtivéronse periodicamente os balances de comprobación de sumas e saldos.	• PE.6	S	10
CA3.4 Calculáronse as operacións derivadas dos rexistros contables que cumpra realizar antes do pechamento do exercicio económico.	• PE.7	S	10
CA3.6 Obtívose con medios informáticos o cálculo do resultado contable e o balance de situación final.	• PE.8	S	10
CA4.9 Utilizáronse aplicacións informáticas para a comprobación dos rexistros contables.	• PE.9	S	10
CA4.10 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de seguridade e confidencialidade da información.	• PE.10	S	10
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
Existencias.

Contidos
Operacións relacionadas con compras e vendas.
Contabilización e liquidación do IVE.
Rexistro contable informático dos feitos económicos habituais.
Comprobación dos rexistros contables coa documentación laboral e fiscal, coa bancaria e coa mercantil.
Comprobación nas aplicacións informáticas.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
EXERCICIOS DE CONTABILIZACIÓN DE ASENTOS DE COMPRAS E VENDAS A PARTIR DE DOCUMENTOS NO MARCO DO CICLO CONTABLE	<ul style="list-style-type: none"> Explicación demostrativa de exercicios de contabilización de asentos de compras e vendas a partir de documentos no marco do ciclo contable. 	<ul style="list-style-type: none"> Realización de exercicios de contabilización de asentos de compras e vendas a partir de documentos no marco do ciclo contable. 	<ul style="list-style-type: none"> Asentos de compras e vendas a partir de documentos no marco do ciclo contable. 	<ul style="list-style-type: none"> Apuntes varios, Libro + Caderno "Tratamiento de la documentación contable" Macmillan Education, PXC, material de oficina, axenda, ordenador, Microsoft Office, CONTASOL, GSuite, conexión a Internet, proxector, encerado. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 PE.2 PE.3 PE.4 PE.5 PE.6 PE.7 PE.8 PE.9 PE.10 	18,0
TOTAL						18,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Gastos e ingresos de explotación	18

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Rexistra contablemente feitos económicos habituais, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas.	NO
RA3 - Contabiliza operacións económicas habituais correspondentes a un exercicio económico completo, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do plan de contabilidade.	NO
RA4 - Comproba as contas relacionando cada rexistro contable cos datos dos documentos soporte.	NO

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 CONTABILIZAR ASENTOS DE INGRESOS E GASTOS A PARTIR DE DOCUMENTOS NO MARCO DO CICLO CONTABLE	1	EXERCICIOS DE CONTABILIZACION DE ASENTOS DE INGRESOS E GASTOS A PARTIR DE DOCUMENTOS NO MARCO DO CICLO CONTABLE	18,0
TOTAL			18

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.4 Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables máis habituais.	• PE.1	S	20
CA2.7 Realizáronse as copias de seguridade segundo o protocolo establecido para salvagardar os datos rexistrados.	• PE.2	S	10
CA2.8 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de responsabilidade, seguridade e confidencialidade da información.	• PE.3	S	10
CA3.2 Introduciuse correctamente a información derivada de cada feito económico na aplicación informática de forma cronolóxica.	• PE.4	S	10
CA3.3 Obtivéronse periodicamente os balances de comprobación de sumas e saldos.	• PE.5	S	10
CA3.4 Calculáronse as operacións derivadas dos rexistros contables que cumpra realizar antes do pechamento do exercicio económico.	• PE.6	S	10
CA3.6 Obtívose con medios informáticos o cálculo do resultado contable e o balance de situación final.	• PE.7	S	10
CA4.9 Utilizáronse aplicacións informáticas para a comprobación dos rexistros contables.	• PE.8	S	10
CA4.10 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de seguridade e confidencialidade da información.	• PE.9	S	10
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
Gastos e ingresos.
<p>Métodos do control de xestión de tesouraría: finalidade e características.</p> <p>Documentos e medios de cobramento e pagamento da empresa.</p> <p>Libros de rexistros de tesouraría: caixa, bancos, contas da clientela e provedores, e efectos para pagar e para cobrar.</p> <p>Control de caixa e banco: arqueamentos e cadramentos de caixa, e conciliación bancaria.</p> <p>O orzamento da tesouraría</p> <p>Aplicacións informáticas de xestión de tesouraría.</p>

4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos			
Os libros rexistro de tesouraría - Nesta actividade aprenderase o concepto de fluxos de tesouraría e elaboraranse os distintos libros rexistro.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do contido dos libros auxiliares de caixa e bancos. Interpretación dos saldos dos libros de caixa e bancos. Demostración práctica dos libros auxiliares da tesouraría Demostración práctica do emprego de follas de cálculo nos libros rexistro de tesouraría. Corrección dos casos prácticos 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución dos casos prácticos Resolución do suposto global Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Casos prácticos resoltos Proba escrita resolta Suposto global resolto 	<ul style="list-style-type: none"> Equipos informáticos e acceso a internet Encerado Aula virtual - GSuite Materiais de elaboración propia do docente (apuntes e boletín de casos prácticos) Aplicacións informáticas específicas 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Emprego de follas de cálculo para o rexistro e control da tesouraría LC.2 - Confidencialidade e seguridade nos procedementos de rexistro e control da xestión de tesouraría. PE.2 - Fluxos de entrada e saída de tesouraría. PE.3 - Libros auxiliares de caixa e bancos. 	9,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O control da tesouraría - Nesta actividade coñecerase a función da tesouraría dentro da empresa e os métodos mais habituais para a xestión da mesma.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación da finalidade e instrumentos do control da tesouraría. Explicación do procedemento de arqueo de caixa e os posibles resultados: causas e accións. Explicación do procedemento da conciliación bancaria e as posibles causas das diferencias observadas. Demostración práctica de arqueamento de caixa e conciliación bancaria. Demostración práctica do emprego de follas de cálculo no control da tesouraría Corrección dos casos prácticos 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución dos casos prácticos Resolución do suposto global Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Proba escrita resolta Casos prácticos resolto Suposto global restolto 	<ul style="list-style-type: none"> Equipos informáticos e acceso a internet Encerado Aula virtual - GSuite Materiais de elaboración propia do docente (apuntes e boletín de casos prácticos) Aplicaciones informáticas específicas 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Emprego de follas de cálculo para o rexistro e control da tesouraría LC.2 - Confidencialidade e seguridade nos procedementos de rexistro e control da xestión de tesouraría. PE.1 - Finalidade dos métodos de control da tesouraría PE.4 - O proceso de arqueo de caixa: resultados posibles, causas e accións PE.5 - A conciliación bancaria PE.6 - Utilización dun calesndario de vencimentos nas previsións financeiras PE.7 - Relación do servizo de tesouraría con empresas e entidades externas 	9,0
O orzamento da tesouraría - Nesta actividade elaborárase e analizarase un orzamento e tesouraría.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos orzamentos da tesouraría. Demostración práctica da elaboración dun orzamento de tesouraría Demostración práctica do emprego de follas de cálculo no orzamento da tesouraría Corrección dos casos prácticos 	<ul style="list-style-type: none"> Resolución dos casos prácticos Resolución do suposto global Proba escrita 	<ul style="list-style-type: none"> Casos prácticos resolto Proba escrita resolta Suposto global restolto 	<ul style="list-style-type: none"> Equipos informáticos e acceso a internet Encerado Aula virtual - GSuite Materiais de elaboración propia do docente (apuntes e boletín de casos prácticos) Aplicaciones informáticas específicas 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Emprego de follas de cálculo para o rexistro e control da tesouraría LC.2 - Confidencialidade e seguridade nos procedementos de rexistro e control da xestión de tesouraría. PE.6 - Utilización dun calesndario de vencimentos nas previsións financeiras PE.8 - O orzamento de tesouraría 	12,0
TOTAL						30,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A avaliación na Formación Profesional debe basearse na medición do grao de dominio das competencias profesionais. Esta medición realízase analizando as evidencias de competencia que produce o alumnado durante a realización das probas.

Na presente programación, están asociados os CAs de cada UD cun tipo de proba e esta cun instrumento de avaliación. En cada unidade didáctica establécese o instrumento a aplicar segundo os contidos da mesma.

- Se o instrumento é proba escrita esta poderá ser exame teórico e/ou práctico, traballos, etc. As probas teóricas poden ser de resposta curta, cumprimentar, resposta larga, tipo test (con e sen desconto de erros).
- Se o instrumento é táboa de observación ou lista de cotexo, son táboas que conteñen indicadores que serven para avaliar se o alumnado realizou as aprendizaxes relacionadas cun criterio de avaliación e dispoñen de columnas adicionais para realizar a valoración.

Da mesma forma, en cada unha das unidades didácticas figuran aqueles criterios de avaliación que son considerados mínimos exigibles, considerándose que o alumno/a debe acadalos para ter un rendemento normal, este indicador de mínimos adaptárase ás circunstancias persoais e sociais de cada un dos alumnos/as.

No correspondente aos criterios de cualificación e ponderación. Para superar positivamente o módulo aplicaranse os seguintes criterios:

1.- Ao longo de cada trimestre valorarase cada CA co procedemento e instrumento de avaliación que figura no cadro de actividades de cada UD, adxudicándolle o peso % que figura nas táboas e tendo en conta os mínimos exigibles. Terán forma de proba combinada.

A cualificación da correspondente avaliación elaborárase tendo en conta as seguintes porcentaxes:

- 10% entrega e realización dos casos prácticos de cada unidade na clase e/ou na casa.
- 90% cualificación das probas escritas e suposto global no terceiro trimestre.

3.- A cualificación trimestral será a nota media aritmética das UD impartidas e avaliadas, completamente, no trimestre. Esta media non se calculará se a nota en calquera delas é inferior a 4 puntos.

Considerarase aprobada a avaliación se, tras a aplicación dos anteriores criterios, obtense unha nota media igual ou superior a 5 puntos sobre 10. Se algunha das unidades didácticas que compoñen a avaliación está suspensa, a nota da avaliación poderá ser como máximo 4 puntos sobre 10.

4.- A cualificación reflexarase mediante un número enteiro entre 1 e 10. Se tras a aplicación dos criterios anteriores resultase un número non enteiro aplicarase coma criterio de redondeo o comportamento do alumnado na aula.

Nesta etapa é necesario que o alumnado asimile que o seu comportamento debe asimilarse ao que debería ter no seu futuro posto de traballo, polo que terase en conta: iniciativa propia, traballo en equipo, esforzo, interese, asistencia, puntualidade, comportamento na clase, responsabilidade, respecto ó/a profesor/a e ós/as compañeiros/as, etc.

3.- A nota final do módulo será a nota media das avaliacións trimestrais, sempre e cando todas estean superadas con a lo menos un 5. De non ser así, o alumno/a deberá facer un exame final de recuperación con aquelas avaliacións suspensas.

Existirá un exame final, no mes de Xuño, para todo aquel alumnado que non supere (ben sexa total ou parcialmente) o módulo. Consistirá nunha

proba teórico práctica. Tamén existirá unha proba única final para todo alumnado con perda de avaliación continua.

No caso de que o alumno/a non se presente ó exame ou proba este non será repetido e o alumno/a terá que acudir aos exames de recuperación, agás que a falta este debidamente xustificada por causa de forza maior a criterio da docente.

O profesor reservarase o dereito a avaliar negativamente un traballo, proba ou exame xa feito, global ou individualmente, si existen dúbidas sobre a posibilidade de copia, falsificación ou plaxio. Nestes casos o alumno/a unicamente terá opción á recuperación da avaliación correspondente no mes de xuño.

Debido a que a materia impártese un conxunto de alumnos/as moi heteroxéneo os procedementos e instrumentos de avaliación poderán ser modificados a criterio do profesorado para adaptalos as dinámicas concretas de cada grupo de alumnado.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos/as que non superen algunha/s avaliación/s poderán facer, na última semana do curso, unha proba de recuperación final.

O remate das clases, despois da terceira avaliación parcial e antes da avaliación final, realizarase unha proba obxectiva final na que cada alumno/a recuperará os CAs e SubCAs que non teña superados; sendo necesario obter unha nota mínima de 5 para superala. Estes CAs e SubCAs valoraranse utilizando o procedemento, instrumento de avaliación, ponderación e mínimo exixibles detallados no deseño das UD. Será necesario recuperar unicamente os CAs e SubCAs non superados.

As actividades de recuperación consistirán en realizar actividades de reforzo coa atención personalizada máxima posible que preparen o alumnado implicado para superar as probas de recuperación. Ao remate do curso, despois da terceira avaliación parcial e antes da avaliación final, haberá sesións de recuperación co asesoramento directo da docente nas que o alumnado terá ocasión de superar os CAs e SubCAs pendentes.

Independentemente desta proba, contéplase a posibilidade de realizar outras probas de recuperación ao longo do curso, que seguirán os criterios explicados con anterioridade.

Os alumnos/as que promocionen ao 2º curso con este módulo pendente terán que facer dúas probas combinadas como mínimo, unha por trimestre. Se non fan estas probas realizarán tras finalizar a segunda avaliación, unha proba combinada de toda a materia do módulo. Aplicaranse os criterios de avaliación xa explicados. Para superar o módulo os alumnos/as deberán obter una cualificación igual ou superior a 5 puntos en cada proba.

No terceiro trimestre, aquel alumno/a que non superara o módulo na avaliación ordinaria de 2º curso, fará proba combinada final, coa finalidade de superar o módulo en xuño.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno/a ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.

O alumnado que supere o 10% de faltas de asistencia perderá o dereito a presentarse as probas parciais obxectivas de cada UD e mesmo perderá as cualificacións parciais das unidades didácticas ás que se houberse presentado.

Este alumnado será avaliado mediante unha proba extraordinaria baseada na totalidade dos contidos mínimos esixibles que se puntuará de 1 a 10, tendo que obter unha nota igual ou superior a 5 para aprobar o módulo. Esta proba incluírá contidos teóricos e prácticos, tendo estes últimos unha maior presenza (80% como mínimo)

Para estes alumnos/as a calificación final do módulo formarase unicamente coa nota desta proba obxectiva final.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A programación didáctica faise coma unha proposta do proceso de ensino-aprendizaxe tanto para o docente como para o alumnado, non obstante será necesario facer adaptacións en tempos, contidos e actividades a medida que vai avanzando o curso académico.

Mensualmente farase unha valoración sobre o seguimento da programación. Neste seguimento se fará unha comparación entre o detallado nesta programación e a realidade da práctica docente na aula. Valorarase o grao de cumprimento da programación en relación as actividades de ensino-aprendizaxe, e se farán propostas de mellora. Farase empregando a aplicación informática, na opción de *¿seguimento de programación¿* da páxina: edu.xunta.es/programacións.

Ao finalizar o curso académico realizarase unha valoración global da programación e da práctica docente. Isto incluírá a realización dunha enquisa entre o alumnado para valorar a práctica docente e o rendemento global do grupo.

Estas actividades de autoevaluación da tarefa docente e valoración da programación didáctica veranse reflexadas na Memoria de Fin de Curso y deberán ser incluídas na programación didáctica del curso seguinte.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

As necesidades educativas e o ritmo de aprendizaxe de cada alumno ou alumna é distinto, o que fai que o proceso de ensino-aprendizaxe teña que matizarse en función das súas características.

A observación do alumnado e a realización de actividades nas primeiras semanas do curso é fundamental para coñecer a situación de partida dos alumnos/as e do grupo-clase e propiciar a aprendizaxe significativa de todo o alumnado. O obxectivo será valorar:

-A actitude e motivación en relación ao traballo de clase e ao traballo persoal: atención ante as explicacións, preguntas... participación xeral e o esforzo ante a demanda da realización de tarefas, presentación e coidado do material.

-Asistencia e comportamento

-Coñecementos e formación anterior.

- A situación persoal do alumnado, no caso de que esta puidese afectar ao seu rendemento na aula.

Coñecida a situación de partida do alumno/a e as dificultades que observamos, tentaremos establecer a tempo as oportunas medidas de reforzo

educativo de tipo curricular e adaptación dos recursos e materiais.

Unha vez realizada a Avaliación Inicial por cada profesor/a, haberá unha posta en común entre os membros do equipo docente, o titor/a (que aportará a información que resulte de interese do seu grupo de alumnos/as) e o xefe/a do Departamento de Orientación, se procede. Nesa sesión de avaliación inicial, chegarase a distintos acordos, como por exemplo a coordinación das distintas medidas de atención á diversidade que se van aplicar: Reforzos Educativos, Flexibilización Modular...

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Todo o alumnado debe acadar os mínimos exixibles reflectidos nesta programación. Ante as dificultades de aprendizaxe dos mesmos por parte do alumnado debido á falta de base, dificultades de comprensión, etc., propóñense as seguintes adaptacións curriculares non significativas:

- Priorizar o desenvolvemento de determinadas capacidades naqueles alumnos que así o requiran.
- Buscarase a comprensión dos aspectos esenciais de cada tema por parte de todo o grupo.
- A profundización e o estudo detallado de casos concretos dependerá das capacidades individuais de cada alumno.
- Deseñaranse actividades de reforzo para aqueles alumnos que non son capaces de seguir o ritmo normal da clase.
- Deseñaranse actividades de ampliación para aqueles alumnos que superan con facilidade as actividades de ensino-aprendizaxe programadas.
- Propoñeranse actividades que permitan profundizar no desenvolvemento do espírito crítico e a capacidade reflexiva.
- Seguimento do traballo diario: valoración da evolución que presenta respecto á situación inicial.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores cívicos e profesionais esta presente en todas as unidades didácticas que forman o módulo coa finalidade de formar cidadáns e profesionais comprometidos cos valores dunha sociedade democrática. Fomentarase na aula, valores coma: a convivencia, o respecto, a tolerancia, a colaboración, o esforzo, e a sensibilidade cara ao mundo que nos rodea e, todos aqueles aspectos que permitan que os nosos alumnos/as sexan mellores persoas, cidadáns e profesionais, con excelentes competencias profesionais, sociais e cívicas.

Se tratarán os seguintes temas transversais:

- Igualdade de dereitos e oportunidades no mundo do traballo.
- Respecto ao medio ambiente.
- Defensa dos consumidores
- Responsabilidade social das empresas.
- Fomento do consumo responsable.
- Esforzo persoal
- Cultura emprendedora
- Colaboración cos compañeiros
- Actitude non sexista
- Traballo en equipo
- Organización do traballo
- Trato educado cos compañeiros e co profesorado
- Rexeitamento dos malos tratos

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ademais das actividades de ensino-aprendizaxe das UD, é importante programar actividades extraescolares cuxo obxecto é completar a formación do alumnado e acercalo á realidade social. Este tipo de actividades se programarán en función da dispoñibilidade horaria e dos intereses que mostre o alumnado. Algúns exemplos de actividades extraordinarias que se planificarán ao longo do curso son:

- Visitas a empresas da zona, para que o alumnado comprenda a realidade da empresa dende dentro.
- Organización de charlas ou conferencias en función das posibilidades e necesidades que se vaian observando na aula.

Ao longo do curso realizaranse as actividades complementarias que determine o departamento Administrativo.

10. Outros apartados

10.1) Metodoloxía na ensinanza a distancia

O módulo impartirase empregando ferramentas informáticas (word, excel, programas específicos,...) o que nos facilitaría a continuidade do proceso de ensinanza- aprendizaxe no caso de ensinanza a distancia. Estará a disposición do alumnado na Classroom todo o material que se irá impartindo o longo do curso. Esta aula virtual será a principal vía para a ensinanza telemática no caso de que haxa confinamento (dalgún alumno/a ou de todo o grupo).

Ante a eventualidade de confinamento parcial, aqueles alumnos/as que non puideran asistir as clases, poderán seguir o módulo a través da plataforma tendo acceso tanto o material coma as tarefas que se van realizando no día a día. A entrega de actividades farase en formato word, excel ou PDF, segundo o que indique a docente.

En caso de que o confinamento sexa total, farase un uso máis extensivo das tecnoloxías empregando ferramentas como programas de videoconferencia, videotutoriais, correos electrónicos, etc...

O alumnado estará obrigado a asistir as clases virtuais conectándose á hora establecida pola profesora, sempre no horario lectivo. En caso de non facelo se lle computará a falta correspondente na aplicación XADE.

Para a realización das probas escritas, empregarase a aula virtual (onde se colgarán os exames) e un programa de videoconferencia (para ter contacto visual co alumnado). Dada a dificultade de control, estableceranse distintas quendas, sendo posible que o proceso de avaliación do módulo se prolongue durante varios días en función do número de alumnos/as que haxa no matriculados.

En caso de sospeita por parte da profesora de falsidade no exame poderase citar ó alumno/a telemáticamente para que explique ou responda a aquelas preguntas que lle requira a profesora sobre a materia a avaliar (esta videoconferencia poderá ser gravada co consentimento do alumno/a para presentarse como proba en caso de reclamacións). As preguntas a realizar só poderán versar sobre o contido do exame e no caso de negativa a facer esta proba de validación, o alumno/a considerarase suspenso.

Para os escenarios de ensino semipresencial ou ensino non presencial os mínimos exixibles e criterios de cualificación en caso de confinamento serán os mesmos que para a ensinanza presencial. A diferenza darase no xeito en que se terán que realizar as probas de cualificación destes mínimos, que pasarán a ser telemáticas tal e como se explica a continuación:

SEMIPRESENCIAL

No caso de simultanear alumnado na aula e na casa, será imprescindible contar cunha cámara ou un portátil, para que os que queden na casa poidan seguir as clases en directo.

Para a realización das tarefas tanto propostas na clase como como actividades de reforzo fora do horario, traballarase coas contas de GSuite, na Classroom. Subiranse os materiais necesarios para que poidan realizalas e daráselles un tempo para a súa entrega. Unha vez finalizadas, subiranse ao aula para a súa corrección e cualificación en formato word, excel ou PDF, segundo o que indique a docente.

Nas actividades poderase requirir do alumnado a explicación oral das entregas realizadas ou enviados mediante formularios de google, correos electrónicos con arquivos adxuntos, a fin de demostrar os seus coñecementos e evitar o plaxio, ou a copia do traballos doutros/as compañeiros/as. A avaliación será igual que a presencial, tendo en conta que a realización das probas programadas e datadas, se realizarán por quendas de presencialidade.

NON PRESENCIAL

Avaliación trimestral

No caso de ser necesaria a docencia non presencial, o centro estudará as necesidades de recursos de cada estudante e se procederá a achegarlles o material preciso coa axuda da Consellería de Educación.

Todo o alumnado estará obrigado a asistir as clases virtuais conectándose á hora da clase a través da plataforma elixida polo centro, activando a cámara/micrófono ou desactivándoo/a a petición do docente. No caso de non conectarse, considerarase como falta, e apuntarase no programa XADE este feito.

Non está permitida a gravación das sesións, e no caso de detectar este feito, abríraselle expediente disciplinario a/ persoas involucradas.

Avaliación trimestral

Como na avaliación presencial, a nota da avaliación estará formada pola suma das notas obtidas entre as actividades e os exames, e o seu peso será o mesmo nesta modalidade.

Durante as sesións de cada módulo, o docente poderá realizar actividades para a súa entrega, ou para entregar con posterioridade. Todas elas poderán ser cualificables. Estas actividades serán remitidas a través da Classroom ou correo electrónico ao docente en formato word, excel ou PDF, segundo o que indique a docente.

Dataranse exames. Cada unha das probas realizaranse a través da Classroom ou correo electrónico, mediante:

- Cuestionarios con valoración negativa nas respostas incorrectas polo mesmo valor da pregunta.
- Entrega de arquivos de word, excel, fotografías, etc.
- Probas orais, tanto como proba en sí mesma, como método de corroboración da autenticidade dos arquivos entregados.

Para obter á cualificación final do trimestre se sumaran as cualificacións das dúas notas anteriores, tendo en conta que, para sumar á cualificación final do trimestre o porcentaxe das actividades, será necesario ter superado con un 5 tódolos exames do trimestre.

Avaliación Final

Os criterios de cálculo da nota final coinciden cos da avaliación presencial.

Neste caso de non presencialidade, a avaliación realizarase online do mesmo modo que as probas realizadas durante as avaliacións trimestrais.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019529	Ribeira do Louro	Porriño (O)	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CMADG01	Xestión administrativa	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0449	Formación e orientación laboral	2022/2023	4	107	128
MP0449_12	Prevenición de riscos laborais	2022/2023	4	45	54
MP0449_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2022/2023	4	62	74

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	BIBIANE ESPERANTE RODRÍGUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título de Técnico en Xestión Administrativa consiste en realizar actividades de apoio administrativo no ámbito laboral, contable, comercial, financeiro e fiscal, así como de atención á clientela ou ás persoas usuarias, en empresas tanto públicas como privadas, aplicando a normativa e os protocolos de calidade, de xeito que se asegure a satisfacción da clientela e actuando segundo as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.

Estes titulados exercerán a súa actividade en empresas grandes, medianas e pequenas, en calquera sector de actividade e nomeadamente no de servizos, así como nas administracións públicas, ofrecendo apoio administrativo nas tarefas de administración e xestión das referidas empresas e institucións, e prestándolle atención á clientela e á cidadanía.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Auxiliar administrativo/a.
- Axudante de oficina.
- Auxiliar administrativo/a de cobramentos e pagamentos.
- Administrativo/a comercial.
- Auxiliar administrativo/a de xestión de persoal.
- Auxiliar administrativo/a das administracións públicas.
- Recepcionista.
- Empregado/a de atención á clientela.
- Empregado/a de tesouraría.
- Empregado/a de medios de pagamento.

O módulo profesional de Formación e Orientación Laboral contén a formación necesaria para que o alumnado se poida inserir laboralmente e desenvolver a súa carreira profesional no sector administrativo e financeiro.

A formación de este módulo contribúe a acadar os seguintes obxectivos xerais do ciclo formativo:

- r) Valorar as actividades de traballo nun proceso produtivo e identificar a súa achega ao proceso global para conseguir os obxectivos da produción.
- s) Valorar a diversidade de opinións como fonte de enriquecemento, recoñecendo outras prácticas, ideas ou crenzas, para resolver problemas e tomar decisións.
- t) Recoñecer e identificar posibilidades de mellora profesional, reunindo información e adquirindo coñecementos para a innovación e a actualización no ámbito do seu traballo.
- u) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

Así mesmo, tamén contribúe a acadar as seguintes competencias profesionais, persoais e sociais do título:

- j) Aplicar os protocolos de seguridade laboral e ambiental, de hixiene e de calidade durante todo o proceso produtivo, para evitar danos nas persoas e no ambiente.
- k) Cumprir os obxectivos da produción, actuando conforme os principios de responsabilidade e mantendo unhas relacións profesionais adecuadas cos membros do equipo de traballo.
- l) Resolver problemas e tomar decisións individuais seguindo as normas e os procedementos establecidos, definidos dentro do ámbito da súa competencia.
- m) Manter o espírito de innovación, de mellora dos procesos de produción e de actualización de coñecementos no ámbito do seu traballo.
- n) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas das relacións laborais, de acordo co establecido na lexislación.
- o) Detectar e analizar oportunidades de emprego e autoemprego desenvolvendo unha cultura emprendedora e adaptándose a diferentes postos de traballo e a novas situacións.
- p) Participar de xeito activo na vida económica, social e cultural, cunha actitude crítica e responsable.
- q) Participar nas actividades da empresa con respecto e con actitude de tolerancia.
- r) Adaptarse a diferentes postos de traballo e a novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.



s) Participar no traballo en equipo respectando a xerarquía definida na organización.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe				Resultados de aprendizaxe				
					MP0449_12				MP0449_22				
					RA1	RA2	RA3	RA4	RA1	RA2	RA3	RA4	
1	Avaliación de riscos profesionais	Relación entre saúde e traballo. Danos á saúde do/a traballador/a	10	7	X								
2	As medidas de prevención e protección	Medidas preventivas , individuais e colectivas para a seguridade no traballo	6	4	X			X					
3	Planificación da prevención na empresa	Normativa, organización e factores de riscos	26	20	X	X	X						
4	Primeiros auxilios	Actuación en casos de emerxencias no ámbito de traballo	12	9	X		X	X					
5	A relación laboral individual	Normativa que regula as relacións laborais individuais. O traballo por conta allea	32	26						X			
6	As relacións colectivas	Normativa que regula as relacións laborais colectivas, negociación colectivas dos conflitos, dereitos e deberes colectivos	6	5						X			
7	A Seguridade Social	Normativa que regula as relacións laborais coa Seguridade Social, obrigas, e prestacións protectoras nas diferentes situación en que se poida encontrar o/a traballador/a	12	10							X		
8	A inserción laboral	Estudo da capacitación profesional, vías de inserción laboral e técnicas de busca de emprego	14	11									X
9	Os equipos de traballo e a xestión do conflito	Relacións grupais na contorno do traballo	10	8					X				
Total:			128										

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Avaliación de riscos profesionais	10

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Relacionar traballo e saúde	1	Traballo e saúde	5,0
2.1 Coñecer os danos profesionais	2	Danos profesionais	5,0
TOTAL			10

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Contidos do tema 	S	100
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Traballo e saúde - Relacionarase as condicións de traballo coa saúde	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación de contidos e presentación de tarefas 	<ul style="list-style-type: none"> • Resolución de tarefas e posta en común das tarefas 	<ul style="list-style-type: none"> • Tarefas realizadas 	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto • equipamentos de aula • Internet • Lei de prevención de riscos laborais • Material facilitado polo profesor 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Contidos do tema 	5,0
Danos profesionais - Coñeceranse os danos profesionais, facendo fincapé no accidente de traballo e na enfermidade profesional	<ul style="list-style-type: none"> • explicación de contidos e presentación de tarefas 	<ul style="list-style-type: none"> • realización de tarefas e posta en común de respostas 	<ul style="list-style-type: none"> • Tarefas realizadas 	<ul style="list-style-type: none"> • Libro de texto • Equipamiento de aula • Internet • Lei de prevención de riscos laborais • Material facilitado polo profesor 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Contidos do tema 	5,0
TOTAL						10,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	As medidas de prevención e protección	6

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO
RA4 - Determináronse as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en xestión administrativa.	NO

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar as medidas de prevención e protección individuais e colectivas.	1	Medidas de prevención e protección individuais e colectivas	6,0
TOTAL			6

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.2 Distingúronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.	● PE.1 - Contidos do tema	S	25
CA4.1 Defínense as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias <u>no caso de materializarse.</u>	● PE.2 - Contidos do tema	S	25
CA4.2 Analízase o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.	● PE.3 - Contidos do tema	S	25
CA4.3 Selecciónanse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.	● PE.4 - Contidos do tema	S	25
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
Medidas de prevención e protección individual e colectiva.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos			
Actividade (título e descrición)				Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Medidas de prevención e protección individuais e colectivas - Identifícanse as medidas de prevención e protección tanto individuais como colectivas	<ul style="list-style-type: none"> • explicación dos contidos e presentación das tarefas 	<ul style="list-style-type: none"> • realización das tarefas e posta en común das respostas 	<ul style="list-style-type: none"> • Tarefas realizadas 	<ul style="list-style-type: none"> • Equipamiento de aula • Libro de texto • Internet • Lei de prevención de riscos laborais • Material facilitado polo profesor 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Contidos do tema • PE.2 - Contidos do tema • PE.3 - Contidos do tema • PE.4 - Contidos do tema 	6,0
TOTAL						6,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Planificación da prevención na empresa	26

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO
RA2 - Avalia as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector administrativo e financeiro.	SI
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer os dereitos e obrigas en materia preventiva	1	Dereitos e obrigas en materia de prevención	6,0
2.1 Xestionar a prevención de riscos na empresa máis identificar a representación dos/as traballadores/as na mesma	2	Organización da prevención na empresa	8,0
3.1 Avaliar riscos no sector da actividade	3	Análise de factores de risco	12,0
TOTAL			26

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.	● TO.1 - Contidos do tema	S	5
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.	● TO.2 - Contidos do tema	N	2
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector administrativo e financeiro.	● PE.1 - Contidos do tema	S	5
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.	● TO.3 - Contidos do tema	S	5
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos ámbitos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en xestión administrativa.	● PE.2 - Contidos do tema	S	5
CA2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.	● PE.3 - Contidos do tema	S	10
CA2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico en xestión administrativa.	● PE.4 - Contidos do tema	S	10
CA2.4 Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos ámbitos de traballo das persoas coa titulación de técnico en xestión administrativa.	● PE.5 - Contidos do tema	S	10
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.	● PE.6 - Contidos do tema	S	10
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.	● TO.4 - Contidos do tema	S	5
CA3.2 Clasificáronse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.	● PE.7 - Contidos do tema	S	5
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.	● PE.8 - Contidos do tema	S	5

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA3.4 Identifícaronse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.	<ul style="list-style-type: none"> PE.9 - Contidos do tema 	S	5
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.	<ul style="list-style-type: none"> TO.5 - Contidos do tema 	S	5
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.	<ul style="list-style-type: none"> PE.10 - Contidos do tema 	S	5
CA3.7 Definiuse o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico en xestión administrativa.	<ul style="list-style-type: none"> PE.11 - Contidos do tema 	S	8
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.</p> <p>Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.</p> <p>Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.</p> <p>Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.</p> <p>Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.</p> <p>Riscos específicos no sector administrativo e financeiro en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.</p> <p>Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector administrativo e financeiro.</p> <p>Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.</p> <p>Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.</p> <p>Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.</p> <p>Planificación da prevención na empresa.</p> <p>Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.</p>

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Dereitos e obrigas en materia de prevención - Coñecerase a normativa básica máis os dereitos e obrigas de empresa e traballadores/as en materia de prevención	<ul style="list-style-type: none"> explicación de contidos e presentación de tarefas 	<ul style="list-style-type: none"> resolución de tarefas e posta en común das respostas 	<ul style="list-style-type: none"> Tarefas realizadas 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto Material facilitado polo profesor Equipamento de aula Internet Lei de Prevención de Riscos Laborais 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Contidos do tema TO.1 - Contidos do tema TO.2 - Contidos do tema TO.3 - Contidos do tema 	6,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Organización da prevención na empresa - Determinaranse as formas de xestionar a prevención na empresa máis a participación dos/as traballadores/as na mesma	<ul style="list-style-type: none"> explicación de contidos e presentación das tarefas 	<ul style="list-style-type: none"> realización das tarefas e posta en común das respostas 	<ul style="list-style-type: none"> Tarefas realizadas 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto Material facilitado polo profesor Equipamento de aula Internet Lei de Prevención de Riscos Laborais 	<ul style="list-style-type: none"> PE.7 - Contidos do tema PE.8 - Contidos do tema PE.9 - Contidos do tema 	8,0
Análise de factores de risco - Avaliáranse os riscos no sector da actividade	<ul style="list-style-type: none"> explicación dos contidos e presentación das tarefas máis dos supostos prácticos tirados de ErgaFp 	<ul style="list-style-type: none"> resolución das tarefas máis dos casos prácticos tirados de ErgaFp e posta en común das respostas 	<ul style="list-style-type: none"> tarefas e casos prácticos realizados 	<ul style="list-style-type: none"> Equipamento de aula Internet Libro de texto Material facilitado polo profesor Lei de Prevención de Riscos Laborais 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Contidos do tema PE.3 - Contidos do tema PE.4 - Contidos do tema PE.5 - Contidos do tema PE.6 - Contidos do tema PE.10 - Contidos do tema PE.11 - Contidos do tema TO.4 - Contidos do tema TO.5 - Contidos do tema 	12,0
TOTAL						26,0

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Primeiros auxilios	12

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO
RA4 - Determináronse as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en xestión administrativa.	NO

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Aprender sobre o plan de emerxencias	1	Plan de emerxencias	3,0
2.1 Aprender técnicas de primeiros auxilios	2	Primeiros auxilios	9,0
TOTAL			12

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

